COMARCA DE DEZA

PLAN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL

DE GALICIA

Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Presidencia

XUNTA DE GALICIA
1993

EQUIPO REALIZADOR

DIRECCIÓN
Andrés Precedo Ledo, catedrático de Xeografía Humana e director do Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial da Xunta de Galicia.

COORDINACIÓN
José Mª López Vizoso. Prof. de Xeografía.
José Luis López Cousillas. Arquitecto-Urbanista.
José Figueroa Davila. Enxeñeiro Técnico Agrícola.

COLABORADORES CIENTÍFICOS E ASESORAMIENTO TÉCNICO
Antonio Vázquez Barquero. Catedrático de Economía Aplicada.
Felipe Macías Vázquez. Catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola.
Juan Ramón Vidal Romaní. Catedrático de Xeodinámica Externa.
Rosa Calvo de Anta. Catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola.

EQUIPO DE REDACCIÓN

Análise Socioeconómica
Montserrat Villarino Pérez. Prof. titular de Xeografía.
Pablo García Pita. Xeógrafo.
Antonio Doval Adán. Xeógrafo.

Recursos do Territorio
Román Montesinos López. Catedrático de Paleontoloxía.
Antonio Martínez Cortizas. Prof. titular de Edafoloxía e Química Agrícola.
Juan Loureiro Grandal. Xeólogo.
Adolfo Cano Guervós. Biólogo.
Jorge Yepes Temiño. Xeólogo.
Matilde Urrutia Mera. Bióloga.

SISTEMA DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA
Manuel Gallego Priego. Enxeñeiro Técnico Topógrafo.

BASE DE DATOS E INFORMATIZACIÓN
José Angel Veiga Abeledo
Ramón Huidobro Vega
Eugenio Caeiro González

DELINEACIÓN E CARTOGRAFÍA
Antonio Maneiro Vila
Jorge Calenti Arribe
Rafael Ballester Medina
Mª Victoria Magdalena Vidal
Fernando García Pazos

PRIMEIRA PARTE

ANÁLISE SOCIOECONÓMICA

1. INTEGRACIÓN FUNCIONAL DA COMARCA

O primeiro paso para a constitución dunha Comarca consiste nunha agrupación de municipios contiguos, entre os cales hai unha cohesión interna. Para iso é imprescindible e prioritario o establecemento duns límites precisos do territorio que abarca a Comarca, que esixen un estudio previo de delimitación comarcal. Este Plan articulouse en dúas fases.

a) A primeira consiste na elaboración dunha proposta obxectiva de adscripción de cada municipio. Concellos ó Cuestionario de Recoñecemento Territorial.

b) A segunda recolle a opinión dos concellos, reflexada nas respostas a unha enquisa realizada ó efecto -Cuestionario de Recoñecemento Territorial-. Isto completouse, posteriormente, con entrevistas persoais ós alcaldes.

1.1.- PRIMEIRA FASE: PROPOSTA OBXECTIVA

Establecéronse catro niveis teóricos de integración de cada municipio na Comarca, tendo en conta, en primeiro lugar, as clasificacións obxectivas (A) e, en segundo lugar, engadindo ás anteriores o sentido de pertenza (B).

A.- En total consideráronse nove propostas de comarcalización, seleccionadas entre as diferentes existentes, para proceder despois á súa adecuación nos principais modelos teóricos desenvolvidos pola Teoría da Rexionalización. Os tipos de comarcalización tidos en conta foron:

- Estudios para a definición de Comarcas Administrativas.
- Partidos Xudiciais.
- Comarcas Agrarias.
- Comarcas Educativas.
- Segundo os antigos Consellos Económico-Sociais
- Comarcas Xeográficas.
- Comarcas Funcionais de áreas de mercado.
- Comarcas Funcionais polarizadas.
- Comarcas Funcionais segundo análises multivariadas.

B.- A elas engadíuselles o "sentido de pertenza", manifestado por cada municipio no Cuestionario de Recoñecemento Territorial. Aínda que este primeiro documento de aproximación á realidade comarcal presenta algunhas insuficiencias incorpora valores subxectivos

esenciais para a delimitación definitiva, ó preguntar polo grao de atracción cara unha determinada Comarca e o sentimento de formar parte dela.

Da combinación de ambos factores, determináronse os niveis teóricos de adscripción que se sinalan a continuación:

1.- Núcleo Comarcal Consolidado: É o conxunto de municipios que, trala análise anterior, aparecen máis interrelacionados, formando a área básica de referencia na estructura comarcal.

2.- Municipios con forte inserción: Aínda que están integrados no núcleo anterior, manteñen paralelamente vinculacións parciais e de menor intensidade con outras áreas ou conforman unha sub-área funcional dentro da propia Comarca.

3.- Municipios con inserción débil: Tamén están vinculados á Comarca, pero teñen relacións frecuentes con outras veciñas. Son estes, normalmente, os que presentan unha certa problemática no momento da delimitación, feito que se acentúa no caso de pertencer a áreas de indefinición.

4.- Municipios vinculados: Son aqueles que, aínda mantendo vinculacións sectoriais coa Comarca, pertencen a outra.

A aplicación desta clasificación ó Deza determinou os seguintes graos de integración, expresados nos que denominamos "coeficientes de adscripción". Estes constitúen índices sintéticos que oscilan entre os valores 0 e 1, de acordo -respectivamente- coa súa menor ou maior integración funcional na Comarca.

NÚCLEO COMARCAL CONSOLIDADO

MUNICIPIOS	Coeficiente de vinculación funcional
AGOLADA	1
DOZÓN	1
LALÍN	1
VILA DE CRUCES	1

MUNICIPIOS CON FORTE INSERCIÓN

MUNICIPIOS	Coeficiente de integración
RODEIRO	0.88
SILLEDA	0.66

Os coeficientes de vinculación manifestan que existe un Núcleo Comarcal de forte cohesión interna, de tal modo que, en tódalas comarcalizacións estudiadas, forma unha Comarca diferenciada.

A pesar de que algúns municipios periféricos presentan unha relativa indefinición, a maioría dos criterios utilizados nas diferentes comarcalizacións e a valoración subxectiva posterior, determinou a súa clara pertenza á Comarca de Deza.



MAPA 1. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DA COMARCA DE DEZA DENTRO DO TERRITORIO GALEGO

1.2.- SEGUNDA FASE: VALORACIÓN DA PROPOSTA

Remitida a proposta obxectiva anterior ós municipios, o nivel de aceptación foi xeral. Polo tanto non foi necesario facer ningunha modificación e a Comarca quedou delimitada de acordo coa Proposta Inicial.

1.3.- PROPOSTA FINAL

O resultado da aplicación dos criterios sinalados concrétase sinteticamente na delimitación da Comarca de Deza, formada polos seguintes municipios, ordenados alfabeticamente:

- Agolada.
- Dozón.
- Lalín.
- Rodeiro.
- Silleda.
- Vila de Cruces.



MAPA 2. LÍMITES MUNICIPAIS

2.- ENCADRE TERRITORIAL

No contexto galego a Comarca sitúase no centro de Galicia e, desde o punto de vista provincial, ó noroeste de Pontevedra.

Esta unidade territorial e funcional aparece fragmentada nas seguintes unidades de relevo:

a) As Serras. Bordean a Comarca polo Este (onde acadan altitudes superiores ós 900 m. na Serra do Farelo e máis de 1.000 m na Serra do Faro), polo Sur (Montes Testeiro, Santo Domingo e Pena de Francia, entre os 900 e 1.000 m.) e Oeste (Serra do Candán, Montes Chamor e San Sebastián, con altitudes similares ós anteriores).

Os relevos situados ó Este e Sur forman parte da Dorsal Galega e constitúen o límite natural coas provincias de Lugo (no primeiro caso) e Ourense (no segundo), e no que se refire ás aliñacións occidentais supoñen a barreira física que separa o Deza da Comarca de Tabeirós-Terra de Montes.

Esta disposición do medio físico vai condicionar negativamente as relacións económico-funcionais do Deza con Lugo, Ourense e, incluso, co resto da provincia de Pontevedra, ó mesmo tempo que favorece a súa conexión con Santiago, centro ó que tradicionalmente esta e outras Comarcas do Norte pontevedrés estiveron vinculadas.

Por último, no centro da Comarca, localízase outra aliñación montañosa (Mirón-Penarredonda-Monte da Rocha, entre os 700 e 900 m.), que constitúe a divisoria de augas entre o Deza e Arnego e descende paulatinamente desde a Serra do Faro ata o val do Ulla, seguindo unha dirección SE.-NO.

b) Os vales. Son fundamentalmente os formados polos ríos: Ulla (no seu tramo medio), Deza e Arnego (estes últimos son afluentes do primeiro).

O Ulla forma o límite natural coa provincia da Coruña e reforza o seu volume hídrico ó Norte do municipio de Vila de Cruces e Agolada co encoro de Portodemouros.

O río Deza -que da nome á Comarca- nace nos Montes do Testeiro e discorre ziguezagueante ata a súa confluencia co Ulla. A súa cunca é coñecida como Val do Trasdeza.

Finalmente, o Arnego, no oriente comarcal, vai desde o seu nacemento nas estribacións da Serra do Faro ata a súa confluencia co Ulla, formando o alto val de Camba.

En canto á rede de comunicacións, esta Comarca debido á súa situación xeográfica está servida por unha rede viaria de grande importancia. Así, a N-525 e a N-640 confluén no núcleo de Lalín, e comunícano con Santiago/ Ourense e Lugo, respectivamente.

Esta rede de estradas nacionais complementase con outra de competencia autonómica e provincial. Destaca a C-533, catalogada como Autovía Autonómica no vixente Plan de Estradas. Esta arteria, básica no contexto galego, está sendo sometida a importantes obras de mellora (asfaltado, maior amplitude e variacións no trazado). A súa culminación -prevista en breve tempo- posibilitará a inserción do Deza nun eixe de comunicacións intrarrexional (conexión Santiago-Silleda-Lalín-Rodeiro-Chantada-Monforte-O Barco) e extrarrexional (acceso central de Galicia coa Meseta). Polo tanto a súa accesibilidade en Galicia é, en xeral, boa. O nó principal é Lalín porque nese punto confluén as estradas de maior densidade de tráfico.

O ENCORO DE PORTODEMOUROS ACTÚA COMO LÍMITE NATURAL DA COMARCA DE DEZA


ENCORO DE
PORTODEMOUROS
ULLA
RÍO
RÍO
SERRA DO FARELO
RÍO
ARNEGO
DEZA
MONTE
DO CASTELO
MONTE
CHAMOR
SERRA DO FARO
SERRA DE CANDÁN
PENA DE FRANCIA
MONTES DO TESTEIRO
UNIDADES DE RELEVO E REDE HIDROGRÁFICA
Menos de 400 m.
600 - 800 m.
400 - 600 m.
Máis de 800 m.

MAPA 3



ASENTAMENTOS PRINCIPAIS E VÍAS DE COMUNICACIÓN

ASENTAMENTOS PRINCIPAIS CON MÁIS DE 500 Habs.

- Máis de 5.000
- 1.000 - 4.000
- 500 - 1.000

ESTRADAS PRINCIPAIS

- PROVINCIAL
- AUTONÓMICA
- NACIONAL

MAPA 4

3.- RECURSOS HUMANOS

No aspecto demográfico, esta Comarca supón unha transición entre a Galicia máis poboada -a costeira- e a menos poboada -a interior-, aínda que é máis afín a esta última, polo feito de que as serras que forman a Dorsal Galega ocupan grande parte desta Comarca e propician un escaso número de asentamentos en amplas zonas de montaña.

A evolución do volume demográfico comarcal, analizada desde 1970, está marcada por unha serie de fluctuacións. Ata o ano 1975 ten un aumento, na seguinte década descende e, nos últimos anos, practicamente, permanece estancada.

Por outra parte, a súa participación porcentual en relación a Galicia, mantense practicamente constante desde 1981 (en torno a 1,75%), o cal confirma á Comarca dentro dun carácter evolutivo intermedio no contexto galego. Non acontece así con respecto á provincia (do 6,94% da súa poboación en 1970 ó 5,51% en 1991), xa que se debe ter en conta que Pontevedra experimenta a dinámica demográfica máis favorable de Galicia.

Inda así, a poboación actual -próxima ós 50.000 habitantes- é, así mesmo, unha demanda potencial considerable para un ámbito local.

3.1.- A POBOACIÓN COMARCAL

Detállanse a continuación aqueles aspectos demográficos que inciden na intensidade e distribución da ocupación humana no territorio do Deza, na dinámica evolutiva (natalidade, mortalidade, crecemento vexetativo e saldo migratorio) e na estructura demográfica (composición por idade e sexo).

3.1.1. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN

En primeiro lugar hai que constata-la existencia dunha clara concentración demográfica no sector occidental. Lalín, Silleda e Vila de Cruces engloban arredor do 75% da poboación comarcal, feito favorecido pola estreita relación entre o medio físico, a localización de infraestructuras de comunicacións e as áreas máis aptas para o poboamento (menores altitudes, relevo menos accidentado e presencia de amplos e fértiles vales). Esta concentración é aínda máis acentuada se se ten en conta que un só municipio -o de Lalín- ten máis do 40% da poboación comarcal.

De feito, o núcleo de Lalín actúa como polo de crecemento non só a escala local, senón



FOTO 2 E 3:

LALÍN
(arriba)
E SILLEDA
(abaixo)
TEÑEN AS
MAIORES
DENSIDADES
DE POBOACIÓN
DE TODA
A COMARCA.

tamén no contexto provincial e galego. A este centro hai que engadi-la crecente complementariedade das outras capitais municipais, principalmente no caso de Silleda.

Deste modo, Lalín experimenta a evolución máis positiva desde 1981. Este incremento, ó contrario do que acontece noutras Comarcas interiores, non provocou a despoboación dos restantes municipios do Deza. Pola contra, algúns coma Dozón, Agolada e Rodeiro conseguiron incrementa-los seus efectivos nos últimos anos.

En consecuencia, toda organización xerárquica do espacio comarcal terá que considera-la preeminencia de Lalín, pero tamén a súa necesaria apoiatura nos demais centros municipais, de tal xeito que a planificación territorial aplicada a esta Comarca non acentúe os desequilibrios económicos existentes.

En canto á densidade de poboación, participa dos rasgos da Galicia interior, máis despoboada. Desta maneira, a densidade media é de 47,33 habs./km², moi por debaixo da provincia (196,29) e Galicia (91,39). Lalín, Silleda e Vila de Cruces, que teñen as maiores densidades comarcais, non chegan a supera-la media galega. O resto dos municipios, correspondentes ás áreas montañosas do Este e Sur, teñen valores moi por debaixo da media comarcal.

A intensidade da ocupación humana, tamén se reflexa na densidade de poboamento, ou número de entidades de poboación por km², que ofrece para esta Comarca unha relación máis baixa (1,03 ent./km²) que Galicia (1.07) e, sobre todo, á provincia (1,40). Con todo, esta distribución evidencia unha poboación dispersa en múltiples asentamentos (particularmente nos municipios de Silleda e Lalín), feito que ten que ser interpretado coma un factor negativo para unha adecuada cobertura de servicios e equipamentos, que é máis fácil de acadar cunha concentración en grandes núcleos.



FOTO 4 E 5

AGOLADA (arriba) E RODEIRO (abaixo) CONTINÚAN MANTENDO, E INCLUSO INCREMENTANDO LEVEMENTE, OS EFECTIVOS POBOACIONAIS

CADRO 1. POBOACIÓN DE FEITO DOS MUNICIPIOS GALEGOS

MUNICIPIOS	POBOACIÓN FEITO 70	POBOACIÓN FEITO 75	POBOACIÓN FEITO 81	POBOACIÓN FEITO 86	POBOACIÓN FEITO 91
DOZÓN	2.827	2.864	2.492	2.516	2.565
AGOLADA	4.990	5.187	4.703	4.542	4.731
LALÍN	19.405	20.004	17.666	19.060	19.777
RODEIRO	5.060	5.444	4.700	4.771	4.856
SILLEDA	10.493	11.222	9.980	9.937	9.383
VILA DE CRUCES	9.309	9.442	8.439	7.985	7.189
TOTAL	52.084	54.163	47.980	48.811	48.501
TOTAL COMARCAL	52.084	54.163	47.980	48.811	48.501
TOTAL PROVINCIAL	750.701	825.607	859.897	884.408	879.872
TOTAL REXIONAL	2.583.674	2.687.477	2.753.836	2.785.394	2.696.398

CADRO 2. EVOLUCIÓN DO CRECEMENTO DA POBOACIÓN 1970 = 100

MUNICIPIOS	ÍNDICE 1970-75	ÍNDICE 1970-81	ÍNDICE 1970-86	ÍNDICE 1970-91
DOZÓN	101,31	88,15	89,00	90,73
AGOLADA	103,95	94,25	91,02	94,81
LALÍN	103,09	91,04	98,22	101,92
RODEIRO	107,59	92,89	94,29	95,97
SILLEDA	106,95	95,11	94,70	89,42
VILA DE CRUCES	101,43	90,65	85,78	77,23
TOTAL	103,99	92,12	93,72	93,12
TOTAL COMARCAL	103,99	92,12	93,72	93,12
TOTAL PROVINCIAL	109,98	114,55	117,81	117,21
TOTAL REXIONAL	104,02	106,59	107,81	104,36

GRÁFICO 1. EVOLUCIÓN COMPARADA DA POBOACIÓN NA COMARCA DE DEZA



CADRO 3. EVOLUCIÓN DO CRECEMENTO INTERANUAL DA POBOACIÓN

MUNICIPIOS	%EVOLUCIÓN 1970-75	%EVOLUCIÓN 1975-81	%EVOLUCIÓN 1981-86	%EVOLUCIÓN 1986-91
DOZÓN	1,31	-12,99	0,96	1,95
AGOLADA	3,95	-9,33	-3,42	4,16
LALÍN	3,09	-11,69	7,89	3,76
RODEIRO	7,59	-13,67	1,51	1,78
SILLEDA	6,95	-11,07	-0,43	-5,58
VILA DE CRUCES	1,43	-10,62	-5,38	-9,97
TOTAL	3,99	-11,42	1,73	-0,64
TOTAL COMARCAL	3,99	-11,42	1,73	-0,64
TOTAL PROVINCIAL	9,98	4,15	2,85	-0,51
TOTAL REXIONAL	4,02	2,47	1,15	-3,20

GRÁFICO 2. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN NA COMARCA DE DEZA



CADRO 4. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN POR MUNICIPIOS

MUNICIPIOS	% POBOACIÓN 1970	% POBOACIÓN 1975	% POBOACIÓN 1981	% POBOACIÓN 1986	% POBOACIÓN 1991
DOZÓN	5,43	5,29	5,19	5,15	5,29
AGOLADA	9,58	9,58	9,80	9,31	9,75
LALÍN	37,26	36,93	36,82	39,05	40,78
RODEIRO	9,72	10,05	9,80	9,77	10,01
SILLEDA	20,15	20,72	20,80	20,36	19,35
VILA DE CRUCES	17,87	17,43	17,59	16,36	14,82
TOTAL	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

GRÁFICO 3. DISTRIBUCIÓN MUNICIPAL DA POBOACIÓN NA COMARCA DE DEZA



(% 1970-1991 con respecto á Comarca)

GRÁFICO 4. DISTRIBUCIÓN MUNICIPAL DA POBOACIÓN NA COMARCA DE DEZA



(% 1970-1991 con respeto á Comarca)

CADRO 5. DENSIDADE DE POBOACIÓN E DENSIDADE DE POBOAMENTO

MUNICIPIO	Poboación Feito 70	Poboación Feito 91	Superficie Km² do municipio	Entidades Poboación	Crecemento 1970-91	Densidade Poboación 91	Densidade poboamento
DOZÓN	2.827	2.565	74,60	53	-9,27	34,38	0,71
AGOLADA	4.990	4.731	147,40	133	-5,19	32,10	0,90
LALÍN	19.405	19.777	325,60	336	1,92	60,74	1,03
RODEIRO	5.060	4.856	154,20	143	-4,03	31,49	0,93
SILLEDA	10.493	9.383	168,40	250	-10,58	55,72	1,48
VILA DE CRUCES	9.309	7.189	154,50	141	-22,77	46,53	0,91
TOTAL						47,33	1,03
TOTAL COMARCAL						47,33	1,03
TOTAL PROVINCIAL						196,29	1,40
TOTAL REXIONAL						91,39	1,07

3.1.2.- ESTUDIO POR PARROQUIAS

A información relativa ás parroquias, e que se recolle no cadro correspondente, dá unha clara idea dos rasgos particulares deste espacio comarcal.

En primeiro lugar, hai que destaca-lo elevado número de parroquias coas que conta cada municipio. A súa vez, cada unha delas engloba un grande número de lugares. Pero así como na zona costeira da provincia, esta dispersión evolucionou cara un sistema de poboamento continuo, debido ó crecemento espacial dos distintos núcleos que os levou a unirse uns cos outros, en áreas menos dinámicas -como é o caso que nos ocupa- mantívose a dispersión e só se manifestou un certo crecemento espacial naqueles núcleos situados sobre as principais vías de comunicación.

O dito anteriormente confírmase cos datos sobre evolución da poboación a escala parroquial. Aquelas parroquias con núcleos, aldeas ou lugares situados sobre as estradas principais son os que amosan un maior crecemento. De tódolos xeitos, non hai que esquecer que estamos a falar duns efectivos demográficos que na maioría dos casos son moi baixos, polo que un insignificante aumento en valores absolutos pode supoñer un moi alto en valores relativos. Por esta razón, preséntanse as táboas correspondentes a esta información para valoralas axeitadamente.

A modo de conclusión, con respecto a este tema, cabe dicir que a pauta xeral da Comarca, analizada a nivel parroquial, é o decrecemento, de tal maneira que só uns núcleos moi concretos amosan un certo dinamismo.

CADRO 6. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN POR PARROQUIAS 1981-1986

	SUPERFICIE TOTAL	POBOACIÓN TOTAL 81	POBOACIÓN TOTAL 86	DENSIDADE POBOAC. 86	DENSIDADE 1986	%CRECEMENTO 81/86
	987,80	47,891	48,811	48,48	49,41	1,92
DOZÓN						
BIDUEIROS	8,10	316	305	39,01	37,65	-3,48
DOZÓN	8,70	465	462	53,45	53,10	-0,65
MACEIRAS	2,50	105	110	42,00	44,00	4,76
O, A	11,20	410	420	36,61	37,50	2,44
SAA	6,20	390	378	62,90	60,97	-3,08
SANGUIÑEDO	15,00	231	240	15,40	16,00	3,90
SISTO	14,30	434	454	30,35	31,75	4,61
VILARELLO	5,60	83	147	14,82	26,25	77,11
TOTAL	71,60	2.434	2.516	33,99	35,14	3,37
AGOLADA						
AGRA	3,70	64	72	17,30	19,46	12,50
ARTOÑO	3,70	292	287	78,92	77,57	-1,71
BAIÑA	6,20	137	135	22,10	21,77	-1,46
BAIS	1,80	128	128	71,11	70,00	-1,56
BASADRE	1,80	60	35	33,33	19,44	-41,67
BASADRE, MAR	0,60	48	47	80,00	78,3	-2,08
BERREDO	5,00	252	204	50,40	40,80	-19,05
BORRAXEIROS	13,10	570	575	43,51	43,89	0,88
BRANTEGA	5,00	247	292	49,40	58,40	18,22
BROCOS	3,10	130	107	41,94	34,52	-17,69
CARMOEGA	5,00	120	129	24,00	25,80	7,50
EIDIAN	6,80	195	155	28,68	22,79	-20,51
ESPERANTE	2,50	117	110	46,80	44,00	-5,98
FERREIROA	13,10	607	678	46,334	51,76	11,70
GURGUEIRO	6,20	59	58	9,52	9,35	-1,69
MERLÍN	5,60	113	109	20,18	19,46	-3,54
ORREA	3,70	147	124	39,73	33,51	-15,65
RAMIL	5,00	65	41	13,00	8,20	-36,92
SANTA COMBA	4,30	158	144	36,74	33,49	-8,86
SEIXO	2,50	110	97	44,00	38,80	-11,82
SESTO	5,60	174	139	31,07	24,82	-20,11
TRABANCAS	10,00	177	197	17,70	19,70	11,30
VAL	5,60	174	139	31,07	24,82	-20,11
VENTOSA	16,80	461	426	27,44	25,36	-7,59
VILARIÑO	4,30	195	193	45,35	44,88	-1,03
TOTAL	141,00	4.703	4.542	33,35	32,21	-3,42

LALÍN

ALBARELLOS	3,10	57	74	18,39	23,97	29,82
ALEMPARTE	3,70	53	57	14,32	15,41	7,55
ANSEAN	2,50	98	99	39,20	39,60	1,02
ANZO	3,10	278	254	89,68	81,94	-8,63
BARCIA	5,00	261	319	52,20	63,80	22,22
BENDOIRO	5,60	341	303	60,89	54,11	-11,14
BERMES	7,50	357	342	47,60	45,60	-4,20
BOTOS	5,60	628	677	112,14	120,89	7,80
BUSTO	5,00	117	134	23,40	26,80	14,53
CADRÓN	5,60	192	204	34,29	36,43	6,25
CAMPOSANCOS	1,20	142	127	118,33	105,83	-10,56
CANGAS	4,30	160	156	37,21	36,28	-2,50
CASTRO	10,00	136	149	13,60	14,90	9,56
CATASOS	17,50	499	535	28,51	30,57	7,21
CELLO	1,80	81	75	45,00	41,67	-7,41
CERCIO	3,70	347	364	93,78	98,38	4,90
CRISTIMIL	3,70	236	231	63,78	62,43	-2,12
DOADE	7,50	193	200	25,73	26,67	3,63
DONRAMIRO	4,30	680	836	158,14	194,42	22,94
DONSION	3,70	231	239	62,43	64,59	3,46
FILGUEIRA	8,10	445	457	54,94	56,42	2,70
GALEGOS	5,00	175	152	35,00	30,40	-13,14
GOIAS	10,00	776	780	77,60	78,00	0,52
GRESANDE	3,70	216	248	58,38	67,03	14,81
LALÍN	4,30	4.944	5.784	1.149,77	1.345,12	16,99
LEBOZAN	19,30	250	264	12,95	13,68	5,60
LODEIRO	4,30	112	112	26,05	26,05	0,00
LOSÓN	9,30	411	501	44,19	53,87	21,90
MACEIRA	11,20	168	150	15,00	13,39	-10,71
MADRIÑÁN	1,80	227	239	126,11	132,78	5,29
MEIXOME	3,70	144	159	38,92	42,97	10,42
MOIXAS	2,50	232	268	92,80	107,20	15,52
MUIMENTA	6,80	209	200	30,74	29,41	-4,31
NOCEDA	5,00	400	395	80,00	79,00	-1,25
PALMOU	4,30	281	295	65,35	68,60	4,98
PARADA	10,60	113	113	10,66	10,66	0,00
PRADO	2,50	3,47	349	138,80	139,60	0,58
RODIS	5,00	140	143	28,00	28,60	2,14
SANTISO	3,10	343	342	110,65	110,32	-0,29
SELLO	10,60	432	425	40,75	40,09	-1,62
SOUTOLONGO	6,80	359	359	52,79	52,79	0,00
VAL	3,70	82	99	22,16	26,76	20,73
VEIGA	8,10143	152	17,65	18,77	6,29	
VILANOVA	11,20	268	255	23,93	22,77	-4,85
VILATUXE	18,10	737	781	40,72	43,15	5,97
XAXAN	2,50	157	154	62,80	61,60	-1,91

XESTA	5,60	270	304	48,21	54,29	12,59
ZOBRA	22,50	198	205	8,80	9,11	3,54
TOTAL	314,00	17.666	19.060	56,26	60,70	7,89
RODEIRO						
ALCEME	10,60	200	243	18,87	22,92	21,50
ARNEGO	12,50	279	303	22,32	24,24	8,60
ASPERELO	12,50	375	349	30,00	27,92	-6,93
AZ	11,20	280	284	25,00	25,36	1,43
CAMBA	5,00	197	183	39,40	36,60	-7,11
CAMBA. XOÁN	6,20	239	231	38,55	37,26	-3,35
CAMBA. EUL	7,50	216	223	28,80	29,73	3,24
CARBOENTES	10,00	392	428	39,20	42,80	9,18
FAFIAN	3,70	141	140	38,11	37,84	-0,71
GUILLAR	8,70	262	254	30,11	29,20	-3,05
NEGRELOS	7,50	206	246	27,47	32,80	19,42
PEDROSO	10,00	226	233	22,60	23,30	3,10
PESCOSO	7,50	305	303	40,67	40,40	-0,66
PORTELA	5,00	190	188	38,00	37,60	-1,05
RÍO	6,20	265	249	42,74	40,16	-6,04
RIOBO	3,70	88	79	23,78	21,35	-10,23
RODEIRO	4,30	326	373	75,81	86,74	14,42
SALTO	10,00	239	209	23,90	20,90	-12,55
SENRA	5,00	89	82	17,80	16,40	-7,87
VILELA	6,20	154	171	24,84	27,58	11,04
TOTAL	153,30	4.669	4.771	30,46	31,12	2,18
SILLEDA						
ABADES	3,70	215	213	58,11	57,57	-0,93
ANSEMIL	1,20	79	67	65,83	55,83	-15,19
BREIXA	3,10	247	240	79,68	77,42	-2,83
CARBOEIRO	1,20	102	88	85,00	73,33	-13,73
CASTRO	3,10	132	140	42,58	45,16	6,06
CERBAÑA	3,10	185	182	59,68	58,71	-1,62
CIRA	3,10	326	363	105,16	117,10	11,35
CORTEGADA	10,00	430	418	43,00	41,80	-2,79
CHAPA	2,50	179	186	71,60	74,40	3,91
DORNELAS	4,30	181	200	42,09	46,51	10,50
ESCUADRO	11,20	721	668	64,38	59,60	-7,35
FIESTRAS	3,10	200	170	64,52	54,80	-15,00
GRABA	9,30	363	364	39,03	39,10	0,28
LAMELA	2,50	355	374	142,00	149,60	5,35
LARO	4,30	464	439	107,91	102,10	-5,39
MANDUAS	6,20	878	891	141,61	143,70	1,48
MARGARIDE	3,10	218	202	70,32	65,20	-7,34

MARTIXE	3,10	176	165	56,77	53,20	-6,25
MOALDE	9,30	333	343	35,81	36,90	3,00
NEGREIROS	3,10	234	241	75,48	77,70	2,99
OLEIROS	5,00	159	153	31,80	30,60	-3,77
PARADA	11,80	295	275	25,00	23,30	-6,78
PAZOS	4,30	71	76	16,51	17,70	7,04
PIÑEIRO	3,70	289	346	78,11	93,50	19,72
PONTE	3,70	215	213	58,11	57,60	-0,93
REFOXOS	10,60	192	202	18,11	19,00	5,21
RELLAS	2,50	134	128	53,60	51,20	-4,48
SAIDRES	3,70	190	194	51,35	52,40	2,11
SIADOR	5,00	267	248	53,40	49,60	
SILLEDA	7,50	1.686	1.672	224,80	222,90	-0,83
TABOADA	3,10	234	240	75,48	77,40	2,56
VILAR	3,70	126	129	34,05	34,90	2,38
XESTOSO	3,70	104	107	28,11	28,90	2,88
TOTAL	158,80	9.980	9.937	62,85	62,58	-0,43
VILA DE CRUCES						
AÑOBRE	4,30	213	179	49,53	41,63	-15,96
ARNEGO	3,70	94	89	25,41	24,05	-5,32
ASOREI	3,10	88	84	28,39	27,10	-4,55
BASCUAS	2,50	213	182	85,20	72,80	-14,55
BESEXOS	5,60	175	173	31,25	30,89	-1,14
BODAÑO	1,80	218	221	121,11	122,78	1,38
BRANDARIZ	8,10	438	417	54,07	51,48	-4,79
CAMANZO	8,70	671	682	77,13	78,39	1,64
CARBIA	6,20	637	592	102,74	95,48	-7,06
CRUCES	4,30	789	865	183,49	201,16	9,63
CUMEIRO	5,00	343	359	68,60	71,80	4,66
DUXAME	3,70	127	112	34,32	30,27	-11,81
FERREIROS	5,00	95	90	19,00	18,00	-5,26
FONTAO	5,00	226	178	45,20	35,60	-21,24
GRES	1,80	159	152	88,33	84,44	-4,40
INSUA	5,00	296	279	59,20	55,80	-5,74
LARAZO	8,10	283	262	34,94	32,35	-7,42
LOÑO	6,20	185	168	29,84	27,10	-9,19
LOSON	3,70	192	171	51,89	46,22	-10,94
MERZA	8,10	665	586	82,10	72,35	-11,88
OBRA	2,50	134	134	53,60	53,60	0,00
OIROS	5,60	171	183	30,54	32,68	7,02
OLLARES	5,00	230	197	46,00	39,40	-14,35
PILOÑO	6,80	554	493	81,47	72,50	-11,01
PORTODEMOURO	3,10	56	51	18,06	16,45	-8,93
SABREXO	10,00	496	446	49,60	44,60	-10,08
SALGUEIROS	5,00	295	260	59,00	52,00	-11,86
TUIRIZ	11,20	396	380	35,36	33,93	-4,04
TOTAL	149,10	8.439	7.985	56,60	53,55	-5,38

3.2.- DINÁMICA DEMOGRÁFICA

Neste apartado estúdianse os factores que interveñen na evolución da poboación: o movemento natural composto pola natalidade, a mortalidade e o seu balance, o crecemento vexetativo, e o saldo migratorio ou resultado neto da emigración e inmigración.

3.2.1.- NATALIDADE

Expresada en taxas (ou número de nacidos por cada 1.000 habitantes), experimentou unha dinámica negativa entre o periodo 1980-85 (13,65) e 1986-89 (8,58), confirmada cos datos dos últimos anos, 1990-91 (7,59). O feito é aínda máis grave se se ten en conta que estas taxas son inferiores ás medias provincial e rexional.

Tódolos municipios, sen excepción, teñen o mesmo comportamento. Agora ben, se hai diferencias entre as taxas. Os valores que se sitúan sobre a media comarcal son os correspondentes ós municipios de Lalín, Vila de Cruces e Silleda (por esta mesma orde).

Esta regresión haina que explicar, fundamentalmente, por dous feitos: a falta de efectivos xoves debido á emigración continuada e o descenso da fecundidade.

3.2.2.- MORTALIDADE

Igualmente referenciada en taxas, neste apartado tense en conta o número de defuncións por cada mil habitantes. A súa evolución no Deza superou as medias galega e provincial nos períodos estudiados, desde 1980. Obsérvase, non obstante, na Comarca unha reducción desde o período 1980-85 (12,89) e 1986-89 (10,39). Con posterioridade (1990-91) produciuse un aumento destes valores (10,97) resultado evidente dunha estructura demográfica envellecida.

3.2.3.- CRECEMENTO VEXETATIVO

Tamén se lle chama crecemento natural, porque nel interveñen as compoñentes demográficas (natalidade e mortalidade) que "per se" ofrece un territorio determinado, base sobre a

CADRO 7. TAXA DE NATALIDADE, MORTALIDADE E CRECEMENTO VEXETATIVO

MUNICIPIO	TAXA NATALIDADE 1980-85	TAXA NATALIDADE 1986-89	TAXA NATALIDADE 1990-91	TAXA NATALIDADE 1980-85	TAXA MORTALIDADE 1986-89	TAXA MORTALIDADE 1990-91	CTO. VEXETATIVO 1980-85	CTO. VEXETATIVO 1986-89	CTO. VEXETATIVO 1990-91
DOZÓN	11,64	4,47	7,59	11,08	9,64	9,46	0,56	-5,17	-5,71
AGOLADA	10,21	7,10	5,25	12,89	10,84	10,79	-2,68	-3,74	-5,55
LALÍN	14,81	9,71	8,6	12,39	9,43	9,58	2,42	0,28	-0,98
RODEIRO	8,34	6,50	7,68	14,81	11,00	12,82	-6,47	-4,51	-5,14
SILLEDA	14,69	8,76	6,76	14,25	11,90	12,01	0,44	-3,14	-5,25
VILA DE CRUCES	15,48	9,05	8,29	11,80	10,39	12,3	3,67	-1,35	-4,01
TOTAL	13,65	8,58	7,59	12,89	10,39	10,97	0,76	-1,81	-3,38
MEDIA COMARCAL	13,65	8,58	7,59	12,89	10,39	10,97	0,76	-1,81	-3,38
MEDIA PROVINCIAL	16,94	10,37	8,99	9,84	8,13	8,57	7,10	2,24	0,42
MEDIA REXIONAL	14,58	8,89	7,97	11,07	9,27	9,99	3,51	-0,39	-2,02

GRÁFICO 5. EVOLUCIÓN DA NATALIDADE E A MORTALIDADE NA COMARCA DE DEZA



	1980	1981	1982	1983	1984	1985	1986	1987	1988	1989	1990	1991
Natalidade	587	597	573	595	477	446	426	435	423	391	399	370
Mortalidade	488	525	491	556	491	541	549	468	502	509	553	559

que incidirán factores esóxenos (emigración-inmigración).

Dito o anterior, o balance entre unha natalidade moi baixa e a alta mortalidade, ofrece unha situación certamente negativa de cara á evolución posterior da poboación comarcal, que só se podería solventar por un aumento de natalicios ou polo aporte de efectivos extracomarcais. Isto último é pouco probable se se pretende levar a cabo un desenvolvemento rexional equilibrado, baseado, precisamente, nestes Plans Comarcais.

Corroborando o anterior, e coa perspectiva dunha recente evolución, se no primeiro período analizado (1980-85) a situación era xa moi problemática (o crecemento vexetativo era só dun 0,76 por mil habitantes); no segundo (1986-89) amosa unha tendencia claramente regresiva (pasando ó -1,81 por mil), e no último bienio contabilizado (1990-91) agrávase aínda máis (-3,38 por mil).

Aínda facendo a análise nun contexto xeográfico máis amplo, a situación demográfica segue sendo comprometida. Na provincia -cun saldo debilmente positivo-, queda patente que o Deza é unha área regresiva; en Galicia, a Comarca segue unha tendencia negativa aínda máis acusada.

O estudio pormenorizado establece unicamente dúas áreas demográficamente diferenciadas no Deza. Por unha parte, Lalín, con saldos positivos agás os últimos anos analizados (1990-91) -que ofrecen un balance lixeiramente negativo (0,92 por mil)- e o resto da Comarca,

con taxas negativas moi altas (inferiores ó -4 por mil).

3.2.4.- SALDO MIGRATORIO

Entre 1970 e 1986 o Deza rexistrou un saldo migratorio negativo de 5.321 hab., o que supuxo unha perda equivalente ó 10% da súa poboación. Estes valores sinalan un movemento emigratorio importante.

Posteriormente, entre 1981 e 1986, obsérvase unha tendencia positiva (1,58%), superior incluso á porcentaxe provincial (0,15%) e á galega (-0,02%). Este feito, evidencia un comportamento demográfico ben distinto a outras áreas xeográficas do interior, onde a un crecemento demográfico negativo engádeselle unha forte emigración, que agrava, aínda máis, a despoboación. Non obstante, convén matizar que o saldo migratorio favorable no Deza débese en xeral, ós movementos de retorno -por xubilación ou crise económica- provocados pola reducción na demanda laboral dos países receptores, e non á existencia na Comarca de importantes instalacións industriais ou actividades xeradoras dun alto volume de emprego.

Novamente o municipio de Lalín desempeña un efecto de concentración inmigratoria, en lóxica relación coa súa maior relevancia industrial e terciaria no Deza. Neste aspecto, tamén son de destaca-los saldos favorables -fundamentalmente por retorno de emigrantes- de Rodeiro e Dozón, onde a situación xeográfica de periferia comarcal montañosa adoita asociarse a un fenómeno de repulsión demográfica.

Nos últimos anos, e a pesar da carencia de datos estadisticamente exactos, todo fai pensar que o saldo migratorio continuou nunha tendencia favorable, xa que o total da poboación comarcal mantense practicamente estable, aínda cando o crecemento vexetativo é moi negativo (lembremos, -3,38 por mil). Este feito indica que para soster este volume de efectivos tívose que producir un aporte esóxeno por inmigración.

CADRO 8. EVOLUCIÓN DO SALDO MIGRATORIO

MUNICIPIOS	Saldo Mig. Pob. 70-86	Saldo Mig. Pob. 70-75	Saldo Mig. Pob. 75-80	Saldo Mig. Pob. 81-86	Saldo Mig. Pob. 70-86	%Saldo Mig. Pob. 70-75	%Saldo Mig. Pob. 75-80	%Saldo Mig. Pob. 81-86
DOZÓN	-455	37	-537	45	-16,09	1,31	-18,75	1,81
AGOLADA	-379	142	-409	-112	-7,60	2,85	-7,89	-2,38
LALÍN	-1.680	-106	-2.792	1.218	-8,66	-0,55	-13,96	6,89
RODEIRO	-114	364	-669	191	-2,25	7,19	-12,29	4,06
SILLEDA	-895	514	-1.371	-38	-8,53	4,90	-12,22	-0,38
VILA DE CRUCES	-1.798	-187	-1.067	-544	-19,31	-2,01	-11,30	-6,45
TOTAL	-5.321	764	-6.845	760	-10,22	1,47	-12,64	1,58
MEDIA COMARCAL	-5.321	764	-6.845	760	-10,22	1,47	-12,64	1,58
MEDIA PROVINCIAL	19.799	30.938	-12.436	1.297	2,64	4,12	-1,51	0,15
MEDIA REXIONAL	-17.556	10.085	-27.142	-499	-0,68	0,39	-1,01	-0,02

3.3.- ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA

Constitúe, ó mesmo tempo, a causa e o condicionante dos aspectos evolutivos dinámicos (natalidade, mortalidade, emigración e inmigración). Componse de: a estructura por idade, os índices de dependencia e reemprazo xeracional, e a composición por sexo.

3.3.1.- ESTRUCTURA POR IDADE

A situación da Comarca, e, como xa se anticipara ó comenta-la mortalidade, é dun claro envellecemento. Practicamente o 20% (19,23%) considérase estadisticamente anciá ó ter 65 e máis anos, superando amplamente a media galega (16,11%) e provincial (13,10%) e duplicando o 10% o máximo teórico a partir do cal unha poboación é considerada envellecida.

Pola contra, a poboación xove -ou menores de 15 anos- é inferior (16,72%) á porcentaxe dos anciáns e menos representativa, tamén, que en Galicia (18,21%) e que na provincia (20,46%).

Con estes datos perfílase unha estructura demográfica que confirma e agrava a tendencia observada no crecemento vexetativo e que non garantiza o mantemento do actual número de habitantes.

Sen embargo, aínda dentro desa tendencia xeral, hai diferencias internas. Lalín e Silleda teñen as porcentaxes máis altas de poboación xove (18,20 e 17,15%, respectivamente) e, no caso de Lalín, tamén coincide cunha proporción inferior de maiores de 65 anos (16,18%). No outro extremo, Rodeiro e Agolada destacan polo seu grande envellecemento (22,39 e 22,72%, respectivamente, de poboación anciá).

CADRO 9. ESTRUCTURA POR IDADE DA POBOACIÓN, 1991

	Poboación TOTAL 91	Poboación < 16	Poboación 16-64	Poboación > 65	% Poboación < 16	% Poboación 16-64	% Poboación > 65
DOZÓN	2.804	343	1.983	478	12,23	70,72	17,05
AGOLADA	5.055	758	3.148	1.149	15,00	62,27	22,73
LALÍN	20.310	3.698	13.326	3.286	18.21	65,61	16,18
RODEIRO	4.957	732	3.115	1.110	14,77	62,84	22,39
SILLEDA	10.004	1.716	6.114	2.174	17,15	61,12	21,73
VILA DE CRUCES	7.490	1.221	4.730	1.539	16,30	63,15	20,55
TOTAL	50.620	8.468	32.416	9.736	16,73	64,04	19,23
MEDIA COMARCAL					16,73	64,04	19,23
MEDIA PROVINCIAL					20,47	66,43	13,11
MEDIA REXIONAL					18,21	65,67	16,11

CADRO 10. ÍNDICES DE DEPENDENCIA DA POBOACIÓN NOS ANOS 1986 E 1991

MUNICIPIOS	I. Dependencia XERAL 1986	I. Dependencia XERAL 1991	I. Dependencia XUVENIL 1986	I. Dependencia XUVENIL 1991	I. Dependencia SENIL 1986	I. Dependencia SENIL 1991
DOZÓN	45,14	41,40	22,93	17,30	22,21	24,10
AGOLADA	55,04	60,58	23,88	24,08	31,16	36,50
LALÍN	62,34	52,41	38,80	27,75	23,54	24,66
RODEIRO	60,26	59,13	31,89	23,50	28,37	35,63
SILLEDA	67,22	63,62	34,95	28,07	32,27	35,56
VILA DE CRUCES	54,80	58,35	32,35	25,81	22,45	32,54
TOTAL	60,13	56,16	33,95	26,12	26,19	30,03
MEDIA COMARCAL	60,13	56,16	33,95	26,12	26,19	30,03
MEDIA PROVINCIAL	65,72	50,54	47,56	30,81	18,16	19,73
MEDIA REXIONAL	62,50	52,27	40,99	27,73	21,51	24,54

3.3.2.-REEMPRAZO XERACIONAL

Esta taxa mide a posibilidade dunha poboación fundamentalmente activa (entre os 15 e 65 anos) en aumentar, diminuír ou igualarse co relevo xeracional. Para asegurar este equilibrio, a taxa debe ser, como mínimo, igual a 1. Nesta Comarca o valor sobrepasa moi pouco á unidade (1,12), polo que de momento, o relevo xeracional nos grupos de idade da poboación activa está asegurado. Non obstante, a situación é máis desfavorable cá galega (1,22) e cá provincial (1,37).

A taxa máis elevada volve a coincidir co centro xeográfico da Comarca, o municipio de Lalín (1,24) cunha taxa incluso superior á media galega (1,22). Os restantes municipios integrantes do Deza non chegan á media comarcal e no caso de Dozón non se pode asegura-lo reemprazo coa taxa actual (0,96).

Esta situación amosa un serio déficit no que a recursos humanos se refire, resultado evidente dunha forte emigración que durante anos foi levando os grupos máis xoves. Como consecuencia, é necesaria a realización de determinadas accións de desenvolvemento local que permitan, polo menos, emprega-la poboación xove; pola contra, a súa perda influirá negativamente no incremento da iniciativa local, xa que a ninguén se lle oculta a súa mellor receptividade na asimilación das innovacións.

3.3.3.- COMPOSICIÓN POR SEXO

Soese expresar mediante a taxa de masculinidade ou número de homes por cada cen mulleres, que na Comarca indica a existencia dunha maior proporción destas últimas, comportamento que é común a toda Galicia. Isto débese á confluencia de varios feitos como: emigración, envellecemento e maior esperanza de vida nas mulleres.

Os casos anómalos son os de Rodeiro e Dozón, nos que os homes sobrepasan ás mulleres. Poderíase explicar por unha inmigración masculina, pero é unha zona con moi pouca actividade como para ofertar postos de traballo. A razón haina que buscar na marcha das mulleres máis novas por motivos de traballo, xa sexa fóra ou dentro da Comarca, nas industrias, cooperativas de confección e no servicio doméstico.

CADRO 11. TAXA DE REEMPRAZO XERACIONAL NOS ANOS 1986 E 1991

MUNICIPIOS	Poboación 86 15-39 anos	Poboación 91 15-39 anos	Poboación 86 40-64 anos	Poboación 91 40-64 anos	TAXA Reemprazo 86	TAXA Reemprazo 91
DOZÓN	949	973	983	1.010	0,97	0,96
AGOLADA	1.706	1.593	1.592	1.555	1,07	1,02
LALÍN	7.080	7.366	6.086	5.960	1,16	1,24
RODEIRO	1.532	1.614	1.489	1.501	1,03	1.08
SILLEDA	3.477	3.154	3.096	2.960	1,12	1,07
VILA DE CRUCES	3.093	2.409	2.685	2.321	1,15	1,04
TOTAL	17.837	17.109	15.931	15.307	1,12	1,12
MEDIA COMARCAL					1,12	1,12
MEDIA PROVINCIAL					1,37	1,37
MEDIA REXIONAL					1,20	1,22

CADRO 12. ESTRUCTURA POR SEXO DA POBOACIÓN, TAXAS DE MASCULINIDADE EN 1986 E 1991

MUNICIPIO	HOMES TOTAL 86	HOMES TOTAL 91	MULLERES TOTAL 86	MULLERES TOTAL 91	TAXA 86 Masculinidade	TAXA 91 Masculinidade
DOZÓN	1.421	1.290	1.399	1.275	101,57	101,18
AGOLADA	2.454	2.329	2.558	2.402	95,93	96,96
LALÍN	9.933	9.596	10.260	10.181	96,81	94,25
RODEIRO	2.477	2.489	2.297	2.367	107,84	105,15
SILLEDA	4.991	4.440	5.468	4.943	91,28	89,82
VILA DE CRUCES	4.211	3.491	4.349	3.698	96,83	94,40
TOTAL	25.487	23.635	26.331	24.866	96,79	95,05
MEDIA COMARCAL					96,79	95,05
MEDIA PROVINCIAL					93,50	91,11
MEDIA REXIONAL					94,13	91,95

GRÁFICO 6. PIRÁMIDE DE POBOACIÓN 1991. COMARCA DE DEZA



3.4.- SÍNTESE DA SITUACION DOS RECURSOS HUMANOS

A análise dos distintos elementos que compoñen os recursos humanos permite obte-las seguintes conclusións para esta Comarca:

- Mantemento do volume de poboación desde 1981, debido sobre todo ó regreso de emigrantes. Esta característica débese de considerar positiva en tanto que o Deza é unha Comarca interior, aínda que favorablemente situada nos eixes de comunicación galegos.

- A baixa natalidade e a alta proporción de poboación maior de 65 anos, condicionan o futuro do actual volume demográfico. Con esta base de partida non será suficiente adoptar medidas para fixar poboación, en todo caso o problema teríase que solventar cun aumento do número de natalicios e coa inmigración. A alta imposibilidade de que ambos feitos se produzan por depender de factores éticos, psico-sociais e económicos -de difícil cambio a curto prazo, especialmente na actual situación de crise- restrinxen seriamente as aspiracións, non xa de aumento, senón de mero mantemento poboacional.

- As diferencias intracomarcais na evolución demográfica non son moi acusadas, aínda que é Lalín o municipio de maior e continuada capacidade de concentración. Desta maneira, Dozón, Agolada e Rodeiro, que compoñen a

franxa oriental e esencialmente montañosa da Comarca, experimentan tamén crecementos poboacionais polo retorno de emigrantes.

- Máis selectivo é o comportamento entre os distintos núcleos. Deste modo, experimentan un maior incremento aqueles situados nos principais eixes de comunicación e encrucilladas, que contan cun certo umbral de poboación. Lalín configúrase coma o verdadeiro polo de crecemento, pero con apoiatura nas restantes cabeceiras municipais e Bandeira (Silleda), afín de vertebra-lo desenvolvemento económico da Comarca e palia-los desequilibrios territoriais existentes.

- O proceso de concentración en determinados núcleos vese favorecido pola distribución dos asentamentos, o que ofrece un dobre inconveniente. Así, á baixa densidade poboacional únese un número de entidades por km^2 elevado -aínda que inferior á media provincial e galega-. Estas características inciden nunha maior dificultade económica para dotar de servicios e equipamentos a unha poboación que, ademais de escasa, está diseminada en pequenos núcleos.

4.- SISTEMA PRODUCTIVO

Neste capítulo, analízanse os indicadores de carácter económico, que nos permiten coñecela estructura productiva comarcal e o seu potencial de desenvolvemento.

4.1.- POBOACIÓN ACTIVA

Esta Comarca responde ó comportamento de Galicia, en canto a actividade se refire. A taxa de actividade xeral é alta (48,59%) debido ó subemprego agrícola. Ainda non hai unha clara diversificación de actividades e grande parte da poboación ocupada traballa no campo (46,00%).

Esta situación queda ratificada cos datos relativos á taxa de actividade feminina. O seu valor (34,57%) é superior ó da provincia (32,70%) e similar ó de Galicia (33,58). A grande dedicación da muller ó sector agrario, sobre todo como axuda familiar, xustifica estes valores. Ademais, a importante industria da confección nesta Comarca, posibilitou que grande número de mulleres estean empregadas nesta actividade, por medio de cooperativas e talleres.

CADRO 13. TAXA DE ACTIVIDADE XERAL, HOMES E MULLERES NOS ANOS 1981 E 1991

MUNICIPIO	Taxa de actividade Varóns 81	Taxa de actividade Varóns 91	Taxa de actividade Mulleres 81	Taxa de actividade Mulleres 91	Taxa de actividade Xeral 81	Taxa de actividade Xeral 91
AGOLADA	68,24	58,07	33,67	26,09	50,89	41,68
DOZÓN	98,73	74,39	70,27	60,31	84,01	67,35
LALÍN	74,39	66,90	39,39	36,96	56,25	51,44
RODEIRO	68,85	57,53	37,82	25,34	53,50	41,80
SILLEDA	68,44	62,17	20,73	36,50	43,19	48,52
VILA DE CRUCES	71,60	60,01	53,61	27,47	62,63	43,04
TOTAL	72,89	63,55	38,99	34,57	55,50	48,59
MEDIA COMARCAL	72,89	63,55	38,99	34,57	55,50	48,59
MEDIA PROVINCIAL	74,40	68,57	30,20	32,70	50,95	49,64
MEDIA REXIONAL	72,84	66,36	27,71	33,58	49,20	49,18

4.2.-SECTORES DE ACTIVIDADE

A estructura sectorial da poboación ocupada, sinala que esta Comarca está orientada cara o sector primario, particularmente cara actividades especificamente gandeiras. A poboación nesta actividade é moi superior (46,00%) á media provincial (16,73%) e incluso á rexional (23,71%).

O resto dos sectores teñen menor significación. Non obstante, o seu predominio -como ocorre na Galicia interior e rural- non é maioritario e os sectores non agrarios dan emprego ó 54,06% da poboación ocupada.

Por outra parte, hai unha clara diferenciación interna. Así, aínda que o sector primario é sempre o de maior número de poboación ocupada, especialmente nos municipios do borde montañoso oriental -en Rodeiro, Dozón e Agolada, superan o 60% do total da poboación ocupada-, polo contrario, en Lalín, é superado polo secundario e terciario en estreita relación co seu papel de centro económico da Comarca.

Nunha situación intermedia están Silleda e Vila de Cruces, onde o sector primario é o principal, mais sen chegar a supera-lo 50% da poboación ocupada. Un certo desenvolvemento de actividades industriais e de servicios e, sobre todo, a súa maior proximidade a Santiago - movementos "conmuters"- fan posible un maior volume de emprego nestes sectores.

Por outra parte, o nivel de desenvolvemento no sector industrial é xeralmente escaso, posto que máis da metade está composto polo subsector da construcción.

En conxunto, a falta de posibilidades de traballo nos sectores non agrarios é aínda evidente, o mesmo que o subemprego no campo (sobre todo nos municipios orientais).

En tódolos casos, a importancia das actividades industriais e terciarias é moi inferior á que teñen na provincia e en Galicia.

4.2.1.- AGRICULTURA

Entre 1962 e 1989 hai unha importante reducción do número de explotacións agrarias. Este comportamento é tamén común para a provincia e Galicia. A emigración e a potenciación de actividades non agrarias explican esta reducción, tanto máis canto que a atomización

CADRO 14. POBOACIÓN OCUPADA POR SECTORES DE ACTIVIDADE NOS ANOS 1981 E 1991

MUNICIPIO	% SECTOR PRIMARIO 81	% SECTOR PRIMARIO 91	% SECTOR SECUNDARIO 81	% SECTOR SECUNDARIO 91	% SECTOR SERVICIOS 81	% SECTOR SERVICIOS 91
AGOLADA	84,60	62,38	6,50	16,64	8,90	20,97
DOZÓN	90,60	66,85	3,20	13,88	6,20	19,27
LALÍN	55,30	32,38	21,40	42,12	23,30	33,04
RODEIRO	84,00	72,54	6,20	12,39	9,80	15,07
SILLEDA	56,30	48,23	25,30	20,86	18,40	30,91
VILA DE CRUCES	65,30	45,94	14,30	27,68	20,40	26,37
TOTAL	65,60	46,00	16,40	25,88	18,00	28,12
MEDIA COMARCAL	65,60	46,00	16,40	25,88	18,00	28,12
MEDIA PROVINCIAL	27,10	16,73	35,06	35,78	37,83	47,49
MEDIA REXIONAL	34,56	23,71	28,96	31,29	36,48	45,00

CADRO 15. POBOACIÓN OCUPADA POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NOS ANOS 1981 E 1991

MUNICIPIOS	% Sector Primario 81	% Sector Primario 91	% Sector Industria 81	% Sector Industria 91	% Sector Construcc. 81	% Sector Construcc. 91	% Sector Servicios 81	% Sector Servicios 91
AGOLADA	84,60	62,38	3,10	9,05	3,40	7,59	8,90	20,97
DOZÓN	90,60	66,85	1,60	2,09	1,60	11,79	6,20	19,27
LALÍN	55,30	32,38	9,30	17,56	12,10	17,01	23,30	33,04
RODEIRO	84,00	72,54	5,00	4,01	1,20	8,33	9,80	15,07
SILLEDA	56,30	48,23	11,00	7,80	14,30	13,06	18,40	30,91
VILA DE CRUCES	65,30	45,94	5,90	13,14	8,40	14,54	20,40	26,37
TOTAL	65,60	46,00	7,33	11,92	9,08	13,96	18,00	28,12
MEDIA COMARCAL	65,60	46,00	7,33	11,92	9,08	13,96	18,00	28,12
MEDIA PROVINCIAL	27,10	16,73	23,61	21,99	11,45	13,80	37,83	47,49
MEDIA REXIONAL	34,56	23,71	18,76	18,28	10,20	13,01	36,48	45,00

GRÁFICO 7. COMARCA DE DEZA. ESTRUCTURA POR SECTORES DE ACTIVIDADE



CADRO 16. POBOACIÓN OCUPADA NON AGRARIA NOS ANOS 1981 E 1991

MUNICIPIOS	POBOACIÓN TOTAL 81	POBOACIÓN TOTAL 91	% ACTIVOS 81 NON AGRARIOS	% ACTIVOS 91 NON AGRARIOS
AGOLADA	4.703	4.731	15,40	35,82
DOZÓN	2.492	2.565	9,40	33,22
LALÍN	17.666	19.777	44,70	67,65
RODEIRO	4.700	4.859	16,00	27,46
SILLEDA	9.980	9.619	43,70	51,85
VILA DE CRUCES	8.439	7.192	34,70	54,1
TOTAL	47.980	48.743	34,06	54,06
MEDIA COMARCAL			34,06	54,06
MEDIA PROVINCIAL			72,27	88,86
MEDIA REXIONAL			63,68	79,69

neste sector non permite lograr unha mínima rendibilidade.

Na análise por períodos, o comportamento comarcal é diferente ó provincial e ó galego. Na primeira etapa (1962-72) a Comarca aumenta o número de explotacións (7,41%), mentres que no período seguinte (1972-82) redúceo fortemente (-17,04%) e prolóngase esta tendencia nos últimos anos contabilizados (1982-89, con -2,75%). Pola contra, a evolución foi sempre negativa no contexto provincial e da comunidade autónoma. A pouca fiabilidade dos datos do Censo Agrario de 1962 (especialmente a escala municipal), podería se-la causa do comportamento desigual no período 1962-72, que loxicamente tería que ir paralelo cunha importante reducción no número de explotacións da Comarca, por coincidir cun período de forte emigración a Europa.

Dentro do contexto xeral de reducción, por municipios obsérvase unha diferente repercusión. De feito, analizando os datos cunha ampla

CADRO 17. EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE EXPLOTACIÓNS

MUNICIPIOS	Nº EXPLOT. 1962	Nº EXPLOT. 1972	Nº EXPLOT. 1982	Nº EXPLOT. 1989	% Nº EXPLOT. 1962/72	% Nº EXPLOT. 1972/82	% Nº EXPLOT. 1982/89
AGOLADA	1.362	1.407	1.171	1.269	3,30	-16,77	8,37
DOZÓN	494	509	489	402	3,04	-3,93	-17,79
LALÍN	3.585	4.519	3.400	2.875	26,05	-24,76	-15,44
RODEIRO	1.273	1.125	1.019	984	-11,63	-9,42	-3,43
SILLEDA	2.361	2.117	2.117	2.230	-10,33	0,00	5,34
VILA DE CRUCES	1.943	2.157	1.622	1.788	11,01	-24,80	10,23
TOTAL	11.018	11.834	9.818	9.548	7,41	-17,04	-2,75
MEDIA COMARCAL					7,41	-17,04	-2,75
MEDIA PROVINCIAL					-6,89	-7,58	-3,73
MEDIA REXIONAL					-10,71	-6,15	-0,71

CADRO 18. EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE PARCELAS POR EXPLOTACIÓN

MUNICIPIOS	PARCELAS/62 EXPLOTACIÓN	PARCELAS/72 EXPLOTACIÓN	PARCELAS/82 EXPLOTACIÓN	PARCELAS/89 EXPLOTACIÓN
DOZÓN	50,18	44,15	53,29	51,39
AGOLADA	33,79	28,86	28,40	22,63
LALÍN	22,81	17,44	19,46	19,73
RODEIRO	23,39	28,30	23,73	24,50
SILLEDA	22,92	15,62	10,51	12,86
VILA DE CRUCES	26,15	28,07	27,84	23,27
TOTAL	26,07	22,59	22,11	21,00
MEDIA COMARCAL	26,07	22,59	22,11	21,00
MEDIA PROVINCIAL	18,55	17,38	13,03	13,34
MEDIA REXIONAL	21,77	18,91	14,67	15,16

perspectiva (1962-1989), a evolución máis negativa e, por tanto, o abandono máis acusado do campo, corresponde ós municipios máis montañosos, de relevo accidentado e con maior proporción de solos pobres (Rodeiro e Dozón), e ós que tiveron un desenvolvemento industrial e terciario importante (Lalín).

Nos restantes municipios os descensos foron menos significativos e, incluso, no último período (1982-89) houbo aumentos. O desenvolvemento da gandería (sobre todo o porcino) e a introducción de novos cultivos (a flor) e invernadoiros, propiciaron o mantemento, mellora e o incremento de explotacións agropecuarias.

Coma toda Galicia, esta Comarca sofre dunha excesiva parcelación das explotacións, se cabe maior cá pauta xeral. En Galicia a situación media é de 15,16 parcelas/explotación (1989), mentres que no Deza é de 21,00. Aínda que houbo unha evolución favorable (26 parc./explot., en 1962), isto non é suficiente. Non é de estrañar que unha das peticións xerais na Comarca sexa a de axilizar e potencia-la concentración parcelaria.

Neste sentido, destácase o feito de que algunhas concentracións levan ata 18 anos en estudio. Estes retrasos na tramitación e a incertidume dos pequenos propietarios agrícolas, están creando unha conflictividade antes inexistentes. Paralelamente, son necesarios un asesoramento e unha campaña de mentalización, que pode impartir -previa petición- a Consellería de Agricultura.

A pesar de todo, non deixa de ser positivo que estas medidas se intensificasen ultimamente e, deste modo, hoxe o Deza conta con 7.411 Has. concentradas, repartidas por municipios da seguinte maneira:

MUNICIPIOS	HAS.
Lalín	2.700
Rodeiro	1.189
Silleda	1.400
Vila de Cruces	2.122
TOTAL	7.411



A GRANDE PARCELACIÓN É UN DOS MAIORES PROBLEMAS DA AGRICULTURA DA ZONA

Non obstante, a concentración parcelaria non é a única solución á mellora da viabilidade económica das explotacións agrarias e pode ser contraproducente en zonas de montaña e topografía accidentada, onde incluso se debe de preservar coma un elemento singular e característico da paisaxe galega, de grande atractivo turístico (tal e como ocorre en Irlanda).

Tamén hai que considerar outros problemas coma: o excesivo número de poboación ocupada no campo, o envellecemento da mesma, a falta de organización dos productores, a deficiente comercialización e a busca de productos con verdadeira demanda no mercado, xa que de pouco serviría a concentración parcelaria se despois non hai saída para a producción.

En canto ós usos do solo, a Comarca está especializada en pastos e cultivos forraxeiros, por causa da súa vocación gandeira. Nalgunhas zonas (Silleda) introducíronse novos cultivos (flor) e modernizáronse outros (hortalizas).

A proporción de uso forestal (55,69%) é moi similar á galega (61,34%) e á provincial (60,65%), aínda que grande parte componse de monte baixo (especialmente nos municipios de Rodeiro e Dozón) e, por tanto, non moderable, e outra alta proporción viuse afectada polo efecto devastador do lume, que nalgunhas áreas dezmou a extensión do bosque.

Para paliar estes efectos é necesario levar adiante unha política de recuperación de montes, unha repoboación forestal (con especies caducifolias nos municipios orientais de montaña) e unha maior protección do bosque autóctono (particularmente as carballeiras de Rodeiro, Coto de Zobra, arredores do Mosteiro do Carboeiro e áreas do Ulla e Deza).

Nesta mesma liña e de acordo coas directrices do Plan Forestal (1992), é necesario evita-la fragmentación da propiedade do monte para lograr unha maior rendibilidade deste recurso. A organización en asociacións de propietarios é outra das medidas necesarias, xa que os traballos de limpeza e explotación do monte deben ser realizados directamente por eles, co asesoramento da Consellería de Agricultura (existen experiencias deste tipo moi positivas no municipio de Vila de Cruces).

Finalmente, nos aspectos agrarios non se debe esquecer que a Comarca conta a seu favor coa existencia en Silleda da Lonxa Agropecuaria, que marca o prezo dos productos agrícolas,

CADRO 19. DATOS DE USOS DO SOLO EN 1990

MUNICIPIO	% TERRAS DE CULTIVO	% PRADOS E PASTIZAIS	% TERREO FORESTAL	% OUTRAS SUPERFICIES
DOZÓN	12,66	11,51	69,73	6,10
AGOLADA	23,10	6,17	62,05	8,67
LALÍN	26,82	8,78	54,63	9,76
RODEIRO	25,50	10,04	52,07	12,39
SILLEDA	31,88	8,93	48,63	10,56
VILA DE CRUCES	30,28	5,85	56,49	7,38
TOTAL	26,36	8,41	55,69	9,55
MEDIA COMARCAL	26,36	8,41	55,69	9,55
MEDIA PROVINCIAL	23,98	4,81	60,65	10,56
MEDIA REXIONAL	19,49	12,11	61,34	7,07

GRÁFICO 8. USOS DO SOLO (1990)



COMARCA DE DEZA



PONTEVEDRA



GALICIA

CADRO 20. SUPERFICIES OCUPADAS POLOS CULTIVOS AGRÍCOLAS, 1990

MUNICIPIOS	% ARBORADO SUP.TOTAL	% CULTIVADA SUP. TOTAL	% S.A.U. SUP. TOTAL	% CULTIVADA S.A.U.	% PRADEIRAS S.A.U.
DOZÓN	33,50	12,66	24,17	52,38	47,62
AGOLADA	18,18	23,10	29,27	78,92	21,08
LALÍN	24,10	26,82	35,60	75,33	24,67
RODEIRO	18,63	25,50	35,53	71,76	28,24
SILLEDA	26,10	31,88	40,81	78,12	21,88
VILA DE CRUCES	36,57	30,28	36,13	83,80	16,20
TOTAL COMARCAL	25,19	26,36	34,76	75,82	24,18

Fonte: Cámaras agrarias

% SUPERFICIE CULTIVADA SOBRE SUPERFICIE TOTAL



MAPA 5

% SUPERFICIE ARBORADA SOBRE SUPERFICIE TOTAL



MAPA 6

% SUPERFICIE CULTIVADA SOBRE S.A.U.



MAPA 7

% S.A.U. SOBRE SUPERFICIE TOTAL



MAPA 8



MAPA 9

forestais e gandeiros, e da Semana Verde, exposición de rango internacional, que desempeña un importante labor de información, orientación e promoción de productos galegos de calidade.

4.2.2.- GANDERÍA

Esta é unha Comarca cunha importante especialización gandeira, tanto en bovino coma en gando porcino. Os datos sobre intensidade gandeira (o número de reses por km^2) sinalan claramente este feito. No que respecta ó bovino, a intensidade gandeira comarcal é de 52,71; mentres que na provincia e en Galicia é de 22,90 e 28,52, respectivamente. Para o gando porcino a diferencia é aínda máis grande: 114,98 para a Comarca, fronte ó 32,98 e 38,93 para a provincia e Galicia, respectivamente. O gando ovino ten menos importancia.

O gando bovino está orientado á producción de leite. A maior parte deste producto véndese directamente, e sen ningún tipo de transformación, ás empresas lácteas (Nestlé, Reny-Picot, LAGISA, etc.). Noutros casos, transfórmase en empresas da mesma Comarca: Cooperativa Hoxe, de queixos, Trasdeza, de leite e outras pequenas queixeiras. Tamén se adica parte do gando á carne. A venda dos becerros lévase a cabo tanto nas feiras, comarcais e rexionais, coma por medio de tratantes. A recente denominación "ternera gallega" como producto de

calidade e o éxito comercial obtido, augura un bo futuro para esta dedicación.

En xeral, pódese dicir que houbo unha grande mellora nas explotacións gandeiras a partir das subvencións que a Xunta de Galicia concedeu con ese fin.

Por municipios, Lalín (por número de reses) e Silleda (por intensidade gandeira) son os de maior orientación bovina do Deza.

Pero é, sobre todo, o gando porcino o que ten unha verdadeira especialización a escala rexional, tanto polo elevado número de cabezas (80% do total provincial) coma pola súa intensidade. A existencia dun elevado número de granxas, particularmente en Silleda, é a explicación. Non obstante, grande parte do proceso industrial derivado realízase fóra da Comarca, a pesar de que hai matadoiros industriais e algunhas pequenas empresas de chacinería.

En canto ó gando ovino-caprino a súa importancia é secundaria, aínda que se constata unha alta intensidade en Dozón polas súas características de montaña.

Outro aspecto que é necesario sinalar neste apartado, é a situación sanitaria do gando, condición imprescindible de cara á competencia exterior. Esta campaña, supuxo un importante esforzo debido ó sacrificio dun grande número de reses enfermas e ó acondicionamento dos sistemas de estabulación (medidas hixiénicas), pero sen dúbida é un proceso imprescindible de cara á mellora da calidade e competitividade dos productos gandeiros galegos no mercado de consumo.

En relación con estas actividades agrarias, o Deza ofrece vantaxes comparativas fronte a outras Comarcas, polo importante papel que desempeña a Granxa Experimental de Mouriscade (Lalín). Coas súas 45 Ha. de explotación posúe unha inmellorable infraestructura en medios técnicos e humanos (laboratorio, controis sanitarios, tratamento de residuos -lactosoros- queixería, envasado de lácteos, depósito de seme, etc.) e está chamado a desempeñar unha función de formación profesional ós gandeiros galegos.

Así mesmo, no aspecto comercializador hai que engadi-la Lonxa Agropecuaria de Silleda, como marco de referencia indispensable no prezo da carne a escala de Galicia.

Por outra parte, a mecanización agropecuaria é moi importante nesta Comarca. Destaca

CADRO 21. CENSO XERAL GANDEIRO 1990

MUNICIPIO	Número de Reses de bovino	Intensidade Gandeira bovino	Nº de reses Ovino-caprino	Intensidade Gan. ovino-caprino	Número de porcos	Intensidade Gandeira porcino
DOZÓN	3.192	42,79	1.112	14,91	14.926	200,08
AGOLADA	4.756	32,27	234	1,59	10.562	71,66
LALÍN	18.485	56,77	1.998	6,14	29.456	90,47
RODEIRO	7.930	51,43	777	5,04	15.922	103,26
SILLEDA	12.659	75,17	717	4,26	41.790	248,16
VILA DE CRUCES	6.993	45,26	397	2,57	5.162	33,41
TOTAL	54.015	52,71	5.235	5,11	117.818	114,98
MEDIA COMARCAL	54.015	52,71	5.235	5,11	117.818	114,98
MEDIA PROVINCIAL	102.665	22,90	44.317	9,89	147.815	32,98
MEDIA REXIONAL	841.407	28,52	251.615	8,53	1.148.446	38,93

sobre a provincia e Galicia. Ten unha media de 0,49 tractores/expl., mentres que a provincia e Galicia contan con 0,15 e 0,23, respectivamente. A escasa superficie das explotacións e a intensa ocupación agraria explican esta importancia.

De tódolos modos, o elevado grao de mecanización non significa que os medios de producción estean infrautilizados, ó contrario, despois do abandono xeneralizado do sistema tradicional do arado e as vacas, é relativamente frecuente que o agricultor estea obrigado á espera de turno para o emprego de maquinaria. O problema haino que relacionar, especialmente, coa estructura da propiedade agraria, xa que a subsistencia da pequena explotación minifundista non permite unha suficiente rendibilidade económica.

GRÁFICO 9. COMPOSICIÓN DO CONXUNTO GANDEIRO



CADRO 22. CAMPAÑA DE SANEAMENTO BOVINO, 1989

MUNICIPIO	NÚMERO RESES	NÚMERO EXPLOTACIÓNS	NÚMERO DE RESES EN EXPLOTACIÓN CON: 1-2	3-4	5-9	10-19	> 20
DOZÓN	2.827	281	32	106	687	1.410	592
AGOLADA	4.436	639	181	475	1.771	1.329	680
LALÍN	18.283	2.033	440	1.426	4.808	6.791	4.818
RODEIRO	6.559	659	62	291	1.735	3.157	1.314
SILLEDA	12.306	1.376	239	785	3.244	5.758	2.280
VILA DE CRUCES	6.486	1.116	451	1.069	2.354	1.663	949
TOTAL	50.897	6.104	1.405	4.152	14.599	20.108	10.633
MEDIA COMARCAL	50.897	6.104	1.405	4.152	14.599	20.108	10.633
MEDIA PROVINCIAL	89.650	21.056	15.748	14.122	23.230	24.426	12.124
MEDIA REXIONAL	647.711	92.210	42.583	65.888	158.158	208.140	172.942

CADRO 23. MECANIZACIÓN AGRARIA (I)

MUNICIPIOS	TRACTORES TOTAL 89	MOTOCULTORES TOTAL 89	SEMENTADORAS TOTAL 89	OUTRAS TOTAL 89	TRACTORES POR EXPLOTACIÓN 89
AGOLADA	438	258	6	247	0,35
DOZÓN	269	327	1	270	0,67
LALÍN	1.534	1.327	26	1.049	0,53
RODEIRO	644	653	17	738	0,65
SILLEDA	1.011	818	18	1.384	0,45
VILA DE CRUCES	763	295	1	906	0,43
TOTAL	4.659	3.678	69	4.594	0,49
MEDIA COMARCAL	4.669	3.678	69	4.594	0,49
MEDIA PROVINCIAL	14.300	15.729	192	18.811	0,15
MEDIA REXIONAL	83.544	68.560	6.264	87.611	0,23

CADRO 24. MECANIZACIÓN AGRARIA (II)

MUNICIPIOS	Tractores Total 82	Tractores Total 89	Motocultores Total 82	Motocultores Total 89	Sementadoras Total 82	Sementadoras Total 89	Outras Total 82	Outras Total 89
AGOLADA	305	438	205	258	28	6	296	247
DOZÓN	214	269	175	327	14	1	146	270
LALÍN	1.334	1.534	1.139	1.327	172	26	1.340	1.049
RODEIRO	478	644	424	653	12	17	165	738
SILLEDA	727	1.011	512	818	73	18	1.080	1.384
VILA DE CRUCES	533	763	130	295	11	1	342	906
TOTAL	3.591	4.659	2.585	3.678	310	69	3.369	4.594
MEDIA COMARCAL	3.591	4.659	2.585	3.678	310	69	3.369	4.594
MEDIA PROVINCIAL	10.604	14.300	9.552	15.729	459	192	14.743	18.811
MEDIA REXIONAL	62.486	83.544	45.681	68.560	5.726	6.264	75.078	87.611

4.2.3.- SECTOR SECUNDARIO

Como xa se sabe, esta Comarca pertence á zona interior e, polo tanto, basicamente rural da provincia pontevedresa. Sen embargo, o Deza foi capaz de desenvolver centros económicos de certa importancia, que xeraron outras dedicacións productivas. Lalín é o principal foco de actividade, con empresas industriais e de construcción, que fixeron en grande parte posible o aumento do sector servicios. Silleda e Vila de Cruces seguen a mesma pauta, aínda que a unha escala inferior e cunha dependencia maior do sector primario (tal e como se estudiou nos sectores de producción).

Globalmente, na Comarca están instaladas un total de 640 empresas que dan emprego a 3.030 persoas, o cal non deixa de ser relevante para un espacio xeográfico do interior galego.

As empresas son pequenas, característica xeral en Galicia e particular no medio rural. A industria é o sector onde a media de emprego por empresa é superior, debido, sobre todo, á existencia dalgunha de maior tamaño e certa importancia, nun sector intensivo en man de obra: o da confección. De aí a relevancia do sector secundario no conxunto do emprego (entre industria e construcción englobase o 63,6% do total non agrario).

CADRO 25. EMPRESAS E EMPREGO. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL

	EMPRESAS		TRABALLADORES		MEDIA
	EMPRESAS	% S/TOTAL	NÚMERO	% S/TOTAL	EMP.TRAB.
INDUSTRIA	175	27,30	1.255	41,50	7,17
CONSTRUCCIÓN	118	18,40	667	22,10	5,65
COMERCIO	135	21,10	420	13,70	3,11
SERVICIOS	212	33,20	688	22,70	3,25
TOTAL	640	100	3.030	100	4,70

GRÁFICO 10. ESTRUCTURA POR SECTORES DE ACTIVIDADE



ESTRUCTURA POR SECTORES DE ACTIVIDADE



O EMPREGO NO SECTOR SECUNDARIO



O EMPREGO NO SECTOR TERCIARIO

Os postos de traballo no sector secundario débense sobre todo, ás medianas e pequenas empresas. Concretamente, as dúas terceiras partes dos postos de traballo proceden de establecementos con menos de 25 empregados e o 4% das empresas que superan este número de empregados, xeran algo máis do 34% do emprego.

A actividade industrial concrétase principalmente en catro subsectores: extracción e transformación de minerais non metálicos, fabricación de productos metálicos, madeira e moble e téxtil/confección.

A localización deste tipo de empresas pódese explicar a partir dos seguintes factores:

1.- Os recursos naturais propios da zona. As canteiras existentes na Comarca propician a creación de empresas tanto para a extracción de minerais non metálicos, como para a posterior transformación. Estas explotacións vironse incentivadas pola construcción, tanto na

CADRO 26. ESTRUCTURA DAS EMPRESAS INDUSTRIAIS

SUBSECTORES	< 10 EMPREGADOS		10-24 EMPREGADOS		25-50 EMPREGADOS		>50 EMPREGADOS	
	Nº Empresas	Nº Traballadores	Nº Empresas	Nº Traballadores	Nº Empresas	Nº Traballadores	Nº Empresas	Nº Traballadores
EXTRAC./TRANSFORM.MINERAL								
MINERAIS METÁLICOS	0	0	1	10	0	0	0	0
MINERAIS NON METÁLICOS	2	8	2	28	0	0	1	57
MATERIAIS CONSTRUCCIÓN	9	34	2	30	1	35	0	0
QUÍMICA	2	6	0	0	0	0	0	0
TOTAL	13	48	5	68	1	35	1	57
TRANSFORMACIÓN DE METAIS								
PRODUCTOS METÁLICOS	36	93	6	90	0	0	1	53
MAQUINARIA	0	0	1	12	0	0	1	70
MATERIAL ELÉCTRICO	9	25	0	0	0	0	0	0
TOTAL	45	118	7	102	0	0	2	123
MANUFACTURAS								
ALIMENTACIÓN	31	75	4	64	0	0	0	0
COIRO/CALZADO	1	2	0	0	0	0	0	0
MADEIRA	45	106	4	62	0	0	0	0
TEXTIL	2	11	2	42	0	0	0	0
CONFECCIÓN	2	9	4	63	2	80	1	102
ARTES GRÁFICAS	0	0	1	14	0	0	0	0
PLÁSTICOS	1	4	0	0	0	0	0	0
TOTAL	82	203	15	245	2	80	2	176
CONSTRUCCIÓN								
EDIFICACIÓN Y O.O.P.P.	52	172	9	138	4	124	0	0
CONSTRUCCIÓN INMOBLES	4	26	0	0	0	0	1	70
INSTALACIÓN E MONTAXES	47	125	1	12	0	0	0	0
TOTAL	103	323	10	150	4	124	1	70
TOTAL COMARCAL	243	692	37	565	7	239	6	426

Comarca coma fóra dela. Así mesmo, os recursos forestais deron lugar á localización de múltiples serradoiros, así como á posterior transformación deste producto, a madeira, en mobles. Outro tipo de industrias relacionadas co potencial endóxeno, son as de alimentación, en particular: a transformación do leite e a chacinería.

2.- A iniciativa empresarial e unha man de obra abundante son outras das razóns que

explican a localización da industria, é o caso do subsector da confección. A partir das primeiras localizacións exitosas, houbo unha dinámica de crecemento empresarial, tanto a partir do desgaxamento desde unha empresa inicial, coma do mimetismo, ó ve-las posibilidades do sector. Outro dos factores que favorecen o desenvolvemento deste tipo de industria é a flexibilidade laboral, xa que se combina o emprego fixo en fábrica, o traballo realizado nos domicilios particulares -en descenso- e, sobre todo, o traballo en cooperativas e en pequenos talleres, moitos dos cales traballan para firmas extracomarcais (ZARA). De todo iso dedúcese que os datos oficiais de emprego no sector téxtil/confección son maiores na realidade, debido ás formas non oficiais do mesmo.

4.2.4.- SECTOR TERCIARIO

Máis da terceira parte (36,4%) do emprego non agrario da Comarca está xerado por este sector, aínda que a porcentaxe sobre o total da poboación ocupada é inferior (28,12%). Neste aspecto, segue a norma habitual das actividades propias das cabeceiras rurais. Dado que é unha Comarca cuns centros de certa importancia, o número de actividades tamén o é. Os rasgos principais deste sector son os seguintes:

1.- A atomización empresarial é importante. Practicamente, tôdalas empresas teñen menos de 25 empregos, e a maioría non superan os 10. Isto é lóxico, porque as actividades do terciario nos principais núcleos comarcais están integradas polo comercio, pequenos establecementos relacionados coa hostalería, talleres mecánicos e sucursais bancarias. O carácter familiar destas empresas propicia o seu pequeno tamaño.

2.- O comercio supón o 21% das empresas e o 13,7% do emprego. Aínda que o xeral son os pequenos establecementos, tamén están representados os de maior tamaño, que se corresponden co comercio ó por maior relacionado con centros de distribución de productos para as explotacións agrarias.

3.- O resto do sector servicios non ten ningunha particularidade especial. Tódalas empresas son pequenas agás algunhas relacionadas co transporte, algún taller mecánico e as relacionadas coa administración (Concellos, Centros escolares, etc.).

En conxunto, é unha Comarca cun nivel de emprego inferior á media provincial. Pero, ante

CADRO 27. ESTRUCTURA DAS EMPRESAS TERCIARIAS

SUBSECTORES	< 10 EMPREGADOS		10-24 EMPREGADOS		25-50 EMPREGADOS	
	Nº Empresas	Nº Traball.	Nº Empresas	Nº Traball.	Nº Empresas	Nº Traball.
COMERCIO	129	250	4	90	1	28
HOSTALERÍA	69	134	0	0	0	0
TALLERES	36	91	1	10	0	0
TRANSPORTES	37	75	6	90	0	0
FINANZAS-SEGUROS	15	24	0	0	0	0
ADMINIST-SERVICIOS SOC.	24	57	4	62	1	29
OUTROS	17	.33	1	16	0	0
TOTAL	327	664	16	268	2	57

isto podemos facer unha serie de matizacións. A provincia de Pontevedra pertence á Galicia máis dinámica e activa, e esta Comarca sitúase nunha zona interior, tradicionalmente menos dinámica. Por ese motivo, a súa comparación coa provincia é normalmente negativa. Por outra banda, no espacio comarcal hai grandes diferencias entre unhas cabeceiras máis ou menos destacadas e o resto, moi deprimido. As actividades económicas máis importantes concéntranse nestes puntos e convértenos nun eixe de certo interese en canto ó desenvolvemento.

A crecente importancia do sector industrial e terciario fai necesaria a dotación de solo para tales fins. Con este motivo atópase en avanzado estado de execución o Parque Empresarial Lalín 2000, ó que hai que engadi-lo de Área 33 de Silleda, próximo a adxudicarse.

PARQUE EMPRESARIAL	M².
Lalín 2000	400.000
Área 33 (Silleda)	310.000

Ambas actuacións localízanse en torno ó principal eixe de comunicacións da Comarca, a N-525 de Santiago a Ourense, e próximos ó aeroporto internacional de Santiago. Así mesmo, estes parques proxectáronse coas máis modernas concepcións de deseño e un grande nivel de dotación infraestructural de todo tipo - que inclúe tratamento de augas residuais- e diversos servicios loxísticos de apoio.

Nesta primeira fase non se contemplan outras dotacións de solo empresarial no Deza, aínda que se dan actuacións concretas de iniciativa municipal.

E conveniente aclarar que non hai unha relación causa-efecto, coa creación de numerosos polígonos, xa que a súa existencia non é unha garantía de progreso económico nin a súa falta coarta irremediablemente as posibilidades de desenvolvemento de cada municipio. Ademais, a situación estratéxica dos dous parques empresariais citados permite unha grande accesibilidade desde os principais núcleos da Comarca, feito que non obrigará a cambia-la residencia dos seus habitantes e, en consecuencia, non será unha causa de despoboación para outros municipios do Deza.

Con iso non se pretende, en absoluto, limitar e condicionar posibles actuacións noutros municipios, sobre todo se estes contan con dotacións de solo industrial; pero si está claro - polo menos neste primeiro documento- que unha planificación coherente ten que preceder sempre a unha selección das accións. Estas endexamais poderán se-las mesmas en tódolos municipios e responderán en cada caso ós seus recursos endóxenos e outras vantaxes de localización. Polo tanto, unha política de homoxeneizar actuacións no territorio poderá logra-la satisfacción de todos no aspecto teórico do Plan; pero levaría a unha disgregación de forzas, que os resultados prácticos constatarían coma unha realidade desalentadora.

4.3.- ÁREAS DE MERCADO

As actividades anteriormente estudiadas son a causa dunha serie de movementos de poboación por motivos de traballo ou de satisfacción de bens e servicios, que forman a compoñente dinámica da economía do Deza.

O máis característico e, á súa vez, máis positivo desta Comarca, é o equilibrio da estructura das súas cabeceiras de mercado. Xerarquicamente, ten centros en distintos niveis. Lalín sitúase no nivel superior; despois veñen Silleda, Vila de Cruces e Agolada, e Rodeiro e Dozón conformarían o nivel de base. Esta xerarquía mantén unha situación xerada a partir do sistema de centros de mercado tradi-

cionais de Galicia (Feiras e Mercados); pero adaptada á nova situación económica. Quizais a única diferencia entre a situación tradicional e as áreas de mercado actuais sexa unha maior importancia de Agolada no pasado, porque como centro rural a súa feira atraía un ámbito importante de poboación.

Independentemente da xerarquía de cada centro de mercado, uns teñen un maior protagonismo ca outros. Polo xeral, cada cabeceira abastece ó seu propio espacio municipal para a demanda corrente en bens e servicios, e para aqueles productos ou servicios máis específicos vaise a Lalín, que é o principal centro.

Debido á situación que ocupa en Galicia, o Deza está vinculado con centros de mercado de rango superior. Pontevedra motiva desprazamentos polo seu carácter de capital provincial. Pero é Santiago o que actúa coma un centro fundamental en tódolos aspectos, especialmente pola súa cercanía e a existencia dun mercado nacional de gando de grande importancia. As vinculacións con Lugo e Ourense débense á accesibilidade destes centros, en particular con determinadas zonas da Comarca: Dozón cara Ourense e Agolada cara Lugo. O trazado da rede viaria e, en xeral, o seu bo estado de conservación explican en parte estas relacións.

En resume, hai un centro de mercado indiscutible -Lalín- e unha relación con centros de nivel superior pola posición central da Comarca no triángulo Santiago-Ourense-Lugo.



MAPA 10

4.4.- A POTENCIALIDADE TURÍSTICA

Esta actividade ofrece grandes posibilidades na Comarca debido a que a unha situación xeográfica central e de grande accesibilidade no contexto galego únese unha grande potencialidade en recursos turísticos.

A pesar destas favorables perspectivas, o número de establecementos (9) e de prazas dispoñibles é reducido, aínda que segundo as estimacións recollidas na Comarca, as casas e aloxamentos "non oficiais" elevarían substancialmente esta cifra. Non obstante o incremento foi moi forte entre 1985 e 1992, (200,00% no número de establecementos e 107,27% no de prazas).

Da análise destes datos bótase en falta a inexistencia de hoteis e hostais de categoría media (3 e máis estrelas) e de campings, así coma o feito de que só apareza unha casa de labranza. Por municipios, Lalín e Silleda concentran a maior parte da oferta hoteleira.

En canto ós recursos que para esta actividade ten a Comarca, sinálanse coma máis relevantes os seguintes:

a) As áreas recreativas e miradoiros, localizados preferentemente nas proximidades dos ríos Ulla, Deza, Toxa e Arnego (municipios de Silleda, Vila de Cruces, e Agolada) e en Monte do Faro (Rodeiro) e Pena de Francia (Dozón). Estas áreas son un apoio ó natural atractivo de lugares con singular beleza: ruxidoiras (A Toxa), illas (Gres), praias fluviais (A Carixa), vistas panorámicas (montes citados), etc.

b) A caza ten enormes posibilidades nos municipios do borde oriental da Comarca (Agolada, Rodeiro e Dozón) e na área de Monte Castelo (Vila de Cruces). Tradicionalmente nestas zonas de montaña habitan grande número de especies (perdiz vermella, lebre, xabarín, etc.) hoxe drasticamente reducidas. E necesaria unha maior eficacia no control e vixilancia do furtivismo, a loita contra incendios forestais e un intenso labor de repoboación con especies autóctonas; o fomento desta actividade -cunha grande demanda- podería reportar unha fonte de ingresos complementaria, sobre todo nos municipios orientais.

c) A pesca fluvial, con base nos ríos Arnego, Deza e nos tramos non afectados do Ulla polo encoro de Portodemouros; é outro recurso a potenciar. O mesmo cá caza, necesita de maior vixilancia -estanse a pescar troitas con lexía- e dun tratamento eficaz das augas residuais de orixe urbana e industrial.

d) Deportes acuáticos (piragüismo) no encoro de Portodemouros -actualmente baixo o Programa LEADER-.

AS RUXIDOIRAS DE TOXA E O SEU ENTORNO TEÑEN UN ALTO ATRACTIVO PAISAXÍSTICO



A PENA DE FRANCIA FORMA UN ESPACIO DE ALTO INTERESE NATURAL E PAISAXÍSTICO

e) Espacios de interese natural, que se deben de preservar e nos que se poden establecer rutas de sendeirismo, paseos a cabalo ou en vehículos todo terreo. Son os do Coto de Zobra-Lebozán (ampliando este espacio ás Comarcas que converxen nesta zona: Deza, Tabeirós-Terra de Montes e O Carballiño), Serra de Faro, Monte Farelo, Pena de Francia, arredores do encoro de Portodemouros e bosques caducifolios do Val do Ulla.

O MOSTEIRO DE CARBOEIRO ENCÓNTRASE ACTUALMENTE EN PERÍODO DE RESTAURACIÓN

f) Edificios e monumentos de interese histórico-artístico e turístico, entre os cales é necesario adecuar e promocionar de maneira preferente:

- Mosteiro do Carboeiro (Silleda). Cun estudio para convertelo en centro de actividades histórico-artísticas, pousada, ecomuseo, -arredores característicos do bosque atlántico que deben ser protexidos-.
- Vila romana de Fafián (Rodeiro).
- Poboado mineiro de Fontao (Vila de Cruces), susceptible de converterse en albergue.
- "Pendellos" ou postos de feira do século XVIII (Agolada e A Gouxa-Dozón).

Ademais destas edificacións, existen un grande número de pazos, igrexas románicas e outras construccións, detalladas no apartado do patrimonio histórico-artístico, a súa mellora na conservación e restauración, potenciaría máis o atractivo turístico da Comarca.

g) Grandes posibilidades de desenvolvemento para o turismo rural, polo grande número de pazos e casas de labranza que poden servir de aloxamento. E necesario previamente, e ademais das lóxicas medidas de axuda e subvención, un intenso labor de información e concienciación dos propietarios (mediante un "stand" na Semana Verde de Silleda e cursiños ou charlas informativas).

Están previstas algunhas iniciativas neste sentido no municipio de Vila de Cruces, dentro do Programa Europeo LEADER, mais poderá recibir un maior impulso coa aplicación de xeito experimental para Galicia do "teleworking", que permite un turismo de alto poder adquisitivo, en contacto permanente cos seus centros de traballo mediante as telecomunicacións.

h) E necesario un maior fomento do termalismo (de recente demanda na sociedade urbana polos seus efectos curativos e relaxantes). Nesta Comarca ten como base o recurso endóxeno das augas mineiro-medicinais nalgunhas áreas, aproveitándose nos balnearios da Brea (Vila de Cruces) e Vilariño (hoxe abandonado, en Agolada).

i) Área de promoción turística e de productos de calidade e artesanía (mel, liño, etc.) do Deza, con información e itinerarios. A súa posible ubicación podería estar na estrada N-525 Santiago-Ourense que é a de maior volume de tráfico da Comarca.

En resumo, os recursos turísticos do Deza configuraríanse da maneira seguinte:

- Val do Ulla e encoro de Portodemouros: pesca fluvial -no río-, piragüismo, sendeirismo, áreas recreativas e bosques caducifolios (Vila de Cruces e Agolada).
- Ruta do Trasdeza: áreas recreativas, Mosteiro do Carboeiro, termalismo, praia e pesca fluviais, cun camping previsto (Silleda e Vila de Cruces).

- Coto de Zobra-Lebozán: espacio natural (bosque autóctono, refuxio de aves rapaces, fauna salvaxe, etc.), rotas todo terreo, sendeirismo, artesanía do liño, mel e pesca fluvial (Lalín).

- Borde oriental montañoso: caza menor, Vila romana de Fafián, rutas de sendeirismo e miradoiros nos Montes: Farelo, Faro e Pena de Francia (municipios de Dozón, Rodeiro e Agolada).

CADRO 28. EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE PRAZAS ESTABLECEMENTOS 1985-1990-1992

TIPO DE ESTABLECEMENTOS	NÚMERO DE ESTABLECEMENTOS						
	COMARCA			PROVINCIA		GALICIA	
	1985	1990	1992	1985	1990	1985	1990
HOTEIS > 3 ESTRELAS	0	0	0	20	25	46	56
HOTEIS < 3 ESTRELAS	1	1	2	69	110	97	157
HOSTAIS > 3 ESTRELAS	0	0	0	0	0	6	4
HOSTAIS < ESTRELAS	1	3	5	145	167	442	509
OUTROS ALOXAMENTOS	1	0	2	15	13	33	23
CAMPINGS	0	0	0	16	28	42	64
TOTAIS	3	4	9	265	343	666	813
% INCREMENTO		200,00			29,43		22,07

CADRO 29. EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE PRAZAS TURÍSTICAS 1985-1990-1992

TIPO DE ESTABLECEMENTOS	NÚMERO DE ESTABLECEMENTOS						
	COMARCA			PROVINCIA		GALICIA	
	1985	1990	1992	1985	1990	1985	1990
HOTEIS > ESTRELAS	0	0	0	1.716	1.957	3.934	4.717
HOTEIS < 3 ESTRELAS	32	32	53	2.060	3.123	3.195	4.642
HOSTAIS > 3 ESTRELAS	0	0	0	0	0	188	186
HOSTAIS < ESTRELAS	14	23	59	2.368	3.018	7.474	8.873
OUTROS ALOXAMENTOS	9	0	2	475	505	820	943
CAMPINGS	0	0	0	6.773	10.188	10.722	20.805
TOTAIS	55	55	114	13.392	18.791	26.333	40.166
% INCREMENTO		107,27			40,32		52,53

CADRO 30. EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE ESTABLECEMENTOS E PRAZAS TURÍSTICAS POR MUNICIPIOS 1985-1990-1992

AGOLADA

TIPO ESTABLECEMENTO	ESTABLECEMENTO			PRAZAS		
	1985	1990	1992	1985	1990	1992
HOSTAIS < 3 ESTRELAS	0	1	1	0	6	6
OUTROS (CASA DE LABRANZA)	0	0	1	0	0	2
TOTAIS	0	1	2	0	6	8

LALÍN

TIPO ESTABLECEMENTO	ESTABLECEMENTOS			PRAZAS		
	1985	1990	1992	1985	1990	1992
HOTEIS < ESTRELAS	1	1	1	32	32	32
HOSTAIS < 3 ESTRELAS	0	0	1	0	0	6
OUTROS (PENSIÓN)	1	0	1	9	0	*
TOTAIS	2	1	3	41	32	38

* Non existe referencia do número de prazas.

SILLEDA

TIPO DE ESTABLECEMENTO	ESTABLECEMENTOS			PRAZAS		
	1985	1990	1992	1985	1990	1992
HOSTAIS < 3 ESTRELAS	1	2	3	14	17	47
TOTAIS	1	2	3	14	17	47

VILA DE CRUCES

TIPO ESTABLECEMENTO	ESTABLECEMENTO			PRAZAS		
	1985	1990	1992	1985	1990	1992
HOSTAIS < ESTRELAS	0	0	1	0	0	21
TOTAIS	0	0	1	0	0	21

GRÁFICO 11. EVOLUCIÓN DA OFERTA TURÍSTICA NA COMARCA DE DEZA



4.5.- O MERCADO DE TRABALLO

A estructura da poboación ocupada amosa os rasgos característicos dun medio rural.

Nos contextos provincial e rexional sitúase como área ruralizada: supera amplamente a media en Independentes e en Axuda Familiar, mentres que está por debaixo en Empregadores (Empresarios) e Asalariados.

Os empresarios locais máis representativos son os do sector téxtil/confección, construcións metálicas e os relacionados co sector de material de construcción. Isto explica a súa localización, en onde Lalín se sitúa en primeiro lugar.

Os traballadores independentes aglutinan tanto a xefes de explotacións agrarias como a pequenos empresarios do sector terciario (comerciantes, donos de bares, etc.). Esta é a razón de que a media comarcal supere á de Galicia e á provincial.

A maioría dos asalariados proceden do sector secundario, e, por iso, localízanse preferentemente en Lalín, Vila de Cruces e Silleda; pero o conxunto comarcal está moi alonxado da provincia e de Galicia, ó non ser unha área industrial.

A axuda familiar é quizais o indicador máis claro de ruralidade e baixo desenvolvemento. Este colectivo intégrano unha maioría de

mulleres adultas e maiores (normalmente as esposas, nais ou sogras do agricultor) e os fillos moi xoves, antes de se incorporaren a outra actividade laboral. Os valores da Comarca, de por si altos, destacan no marco provincial e no rexional. En canto ó comportamento interno, destacan os municipios máis rurais da área oriental montañosa e sobre todo Dozón (51,15%).

Secundariamente, tampouco hai que esquecer que na categoría de Axuda familiar intégranse, igualmente, os membros familiares que traballan en pequenos establecementos do sector terciario (comercio e hostalería, sobre todo).

CADRO 31. MERCADO DE TRABALLO NOS ANOS 1981 E 1991

MUNICIPIOS	% EMPREGADOR 1981	% INDEPENDENTE 1991	% INDEPENDENTE 1981	% INDEPENDENTE 1991	% ASALARIADO 1981	% ASALARIADO 1991	% AXUD. FAMIL. 1981	% AXUD. FAMIL. 1991
AGOLADA	0,10	2,00	43,00	54,39	13,20	29,49	43,70	14,11
DOZÓN	0,40	0,40	25,30	16,17	8,90	32,28	65,40	51,15
LALÍN	2,60	5,08	35,60	33,07	34,60	53,19	27,20	8,66
RODEIRO	1,70	1,51	41,10	65,73	11,30	22,64	45,90	10,12
SILLEDA	2,00	3,23	47,00	49,46	33,60	37,84	17,40	9,47
VILA DE CRUCES	1,60	3,85	37,60	42,43	26,40	39,64	34,40	14,07
TOTAL	1,82	3,61	38,23	40,64	26,64	39,64	33,31	13,64
MEDIA COMARCAL	1,82	3,61	38,23	40,64	26,64	42,11	33,31	13,64
MEDIA PROVINCIAL	3,63	5,23	20,15	17,31	66,07	73,71	10,15	3,75
MEDIA REXIONAL	3,66	4,81	25,15	24,37	56,86	64,43	14,33	6,38

GRÁFICO 12. EVOLUCIÓN DA ESTRUCTURA DO EMPREGO



4.5.1.- CUALIFICACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS

A poboación é un dos recursos máis importantes, se non é o máis, nun territorio. Sen embargo, esta importancia non está só no aspecto cuantitativo senón, especialmente, no cualitativo. A cualificación da poboación é o soporte fundamental para unha acción de desenvolvemento. Sobre este particular, hai que facer unha serie de puntualizacións para o caso desta Comarca.

A proporción de persoas analfabetas e sen estudios é notoriamente inferior ás medias provincial e rexional. Este dato pódese interpretar de diversas maneiras. Por unha parte, hai que ter en conta que a categoría de estudios de Primeiro Grao engloba tanto ós modernos estudios da EXB (na súa primeira etapa), coma ós antigos estudios de Primaria, que non son comparables ós anteriores. Dada a idade da poboación comarcal (envellecida), a maioría das persoas con estudios de Primeiro grao serano do primeiro tipo. Isto sinala que a situación non é tan favorable como puidese parecer. Sen embargo, tamén se podería interpretar esta maior alfabetización pola cercanía a Santiago, que propiciaría maiores relacións e máis posibilidades de estudio.

En canto ós de Segundo Grao e ós Universitarios, a situación comarcal é moi similar á provincial e á rexional, aínda que hai diferencias internas; Lalín ten, globalmente, os valores máis altos, incluso superiores ós da provincia e ós de Galicia (con diferencias máis marcadas nos estudios universitarios).

4.5.2.- O PARO

A taxa de paro no Deza está moi por debaixo da provincial e da galega. Aínda que puidese parecer un rasgo positivo, na realidade non o é porque está enmascarando unha situación de subemprego, propia do medio rural tradicional. A agricultura actúa coma "colchón" da crise económica, acollendo os excedentes de poboación desempregada doutros sectores. Así explícase que as menores taxas de paro se dean en municipios rurais coma Dozón e Rodeiro. O subemprego é o rasgo fundamental destas áreas.

CADRO 32. NIVEL DE INSTRUCCIÓN DA POBOACIÓN

MUNICIPIOS	% POBOACIÓN ANALFABETOS	% SEN ESTUDIOS NO CLASIFIC.	% PRIMEIRO GRAO	% SEGUNDO GRAO	% TERCEIRO GRAO
DOZÓN	4,00	3,80	73,30	17,20	1,70
AGOLADA	7,30	3,30	68,40	17,40	3,60
LALÍN	4,00	15,80	52,40	22,70	5,10
RODEIRO	6,30	2,80	74,10	13,70	3,10
SILLEDA	4,60	11,00	63,00	17,90	3,50
VILA DE CRUCES	8,40	1,60	64,60	23,60	1,80
TOTAL	5,37	9,45	61,24	20,21	3,72
MEDIA COMARCAL	5,37	9,45	61,24	20,21	3,72
MEDIA PROVINCIAL	6,67	13,17	46,93	27,62	5,60
MEDIA REXIONAL	6,70	21,53	40,81	25,10	5,86

CADRO 33. TAXA DE OCUPACIÓN E PARO (CENSO 1991)

MUNICIPIO	TAXA OCUPAC. HOMES	TAXA OCUPAC. MULLERES	TAXA OCUPAC. TOTAL	TAXA PARO HOMES	TAXA PARO MULLERES	TAXA PARO TOTAL
AGOLADA	86,26	83,87	85,49	13,73	20,07	14,51
DOZÓN	92,63	86,84	90,04	7,37	13,16	9,96
LALÍN	90,55	87,53	89,43	9,44	12,46	10,57
RODEIRO	83,73	83,50	83,66	16,27	16,50	16,34
SILLEDA	91,21	91,12	91,17	8,79	8,88	8,83
VILA DE CRUCES	88,26	90,84	89,11	11,74	9,16	10,89
TOTAL	89,45	88,06	88,94	10,55	11,94	11,06
MEDIA COMARCAL	89,45	88,06	88,94	10,55	11,94	11,06
MEDIA PROVINCIAL	83,86	75,38	80,91	16,14	24,62	19,09
MEDIA REXIONAL	85,75	79,93	83,66	16,62	20,07	16,34

4.5.2.1.- EVOLUCIÓN DO PARO REXISTRADO (1984-1991)

A partir dos valores que aparecen reflexados nos cadros correspondentes, obsérvase un continuo aumento do paro no período analizado (1984-1991, tomando o primeiro ano como referencia), que apunta un lixeiro cambio de sentido a partir de 1989.

Na provincia e en Galicia hai, tamén, un aumento do paro entre o principio e o final do período, pero o ritmo é menor ó da Comarca e a inversión da tendencia dáse con anterioridade (a partir de 1988). Aínda así, no 1991 o Deza tiña unha taxa de paro (11,06%) moi inferior á provincia (19,09%) e a Galicia (16,34%).

A evolución non é uniforme ó longo desta etapa. O aumento máis notorio dáse entre 1986 e 1987, comportamento semellante ó de Pontevedra pero non ó de Galicia (co maior aumento do paro no ano anterior). De todos modos, hai que ter presente que os datos de paro teñen un

CADRO 34. ÍNDICE DE PARO REXISTRADO

MUNICIPIOS	1984=100 % 1984/85	1984=100 % 1984/86	1984=100 % 1984/87	1984=100 % 1984/88	1984=100 % 1984/89	1984=100 % 1984/90	1984=100 % 1984/91
AGOLADA	155,38	195,38	303,08	349,23	367,69	300,00	292,31
DOZÓN	130,56	169,44	283,33	352,78	383,33	372,22	355,56
LALÍN	114,86	125,28	176,67	190,69	218,89	220,42	23,06
RODEIRO	66,07	83,93	125,00	154,46	160,71	153,57	153,57
SILLEDA	119,85	129,78	189,34	208,19	297,43	294,85	27,94
VILA DE CRUCES	106,57	116,42	160,22	178,10	179,93	175,91	5,47
TOTAL	112,71	125,49	180,19	199,93	232,25	227,99	50,51
MEDIA COMARCAL	112,71	125,49	180,19	199,93	232,25	227,99	50,51
MEDIA PROVINCIAL	108,28	117,71	131,53	142,47	140,81	134,56	24,24
MEDIA REXIONAL	103,89	115,41	125,58	132,89	128,54	120,50	13,72

CADRO 35. PARO REXISTRADO 1984/1991: EVOLUCIÓN INTERANUAL

MUNICIPIOS	EVOLUCIÓN % 1984/85	EVOLUCIÓN % 1985/86	EVOLUCIÓN % 1986/87	EVOLUCIÓN % 1987/88	EVOLUCIÓN % 1988/89	EVOLUCIÓN % 1989/90	EVOLUCIÓN % 1990/91
AGOLADA	55,38	25,74	55,12	15,23	5,29	-18,41	30,77
DOZÓN	30,56	29,79	67,21	24,51	8,66	-2,90	22,39
LALÍN	14,86	9,07	41,02	7,94	14,79	0,70	-44,17
RODEIRO	-33,93	27,03	48,94	23,57	4,05	-4,44	65,12
SILLEDA	19,85	8,28	45,89	10,49	42,18	-0,87	-56,61
VILA DE CRUCES	6,57	9,25	37,62	11,16	1,02	-2,23	-40,04
TOTAL	12,71	11,34	43,59	10,96	16,17	-1,83	-33,99
MEDIA COMARCAL	12,71	11,34	43,59	10,96	16,17	-1,83	-33,99
MEDIA PROVINCIAL	8,28	8,71	11,74	8,31	-1,17	-4,44	-7,67
MEDIA REXIONAL	3,89	11,09	8,81	5,82	-3,28	-6,25	-5,62

CADRO 36. DATOS RELACIONADOS COA EVOLUCIÓN DO PARO REXISTRADO

MUNICIPIOS	PARO 84 REXISTRADO	PARO 85 REXISTRADO	PARO 86 REXISTRADO	PARO 87 REXISTRADO	PARO 88 REXISTRADO	PARO 89 REXISTRADO	PARO 90 REXISTRADO	PARO 91 REXISTRADO
AGOLADA	65	101	127	197	227	239	195	255
DOZÓN	36	47	61	102	127	138	134	164
LALÍN	720	827	902	1.272	1.373	1.576	1.587	886
RODEIRO	112	74	94	140	173	180	172	284
SILLEDA	272	326	353	515	569	809	802	348
VILA DE CRUCES	274	292	319	439	488	493	482	289
TOTAL	1.479	1.667	1.856	2.665	2.957	3.435	3.372	2.226
MEDIA COMARCAL	1.479	1.667	1.856	2.665	2.957	3.435	3.372	2.26
MEDIA PROVINCIAL	52.898	57.277	62.267	69.577	75.362	74.484	71.180	65.721
MEDIA REXIONAL	153.837	159.822	177.544	193.191	204.436	197.736	185.370	174.943

claro carácter articulado, razón pola cal o máis importante é a tendencia, que nos últimos anos (1992 e 1993) -non dispoñibles estadisticamente a nivel municipal- volveu a empeorar substancialmente.

4.5.2.2.- TAXA DE PARO SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDIOS

Como se indicou anteriormente, a taxa de paro xeral da Comarca é inferior á provincial e á galega. Isto ocorre tamén se esta taxa se estructura polo nivel de estudios. O grupo que máis paro soporta é o de estudios de segundo grao, seguido dos superiores. Nas categorías de analfabetos e sen estudios o paro é mínimo.

Para o último caso a explicación é obvia. Este colectivo engloba todo o subemprego agrario, polo que o paro non ten significación. Polo contrario, a taxa aumenta nas persoas que cursaron estudios de BUP, posto que as de FP, soen ter máis posibilidades laborais. Esto é

GRÁFICO 13. EVOLUCIÓN DO PARO REXISTRADO NA COMARCA DE DEZA



necesario remarcalo, porque a formación de bos profesionais de niveis intermedios é unha condición imprescindible para crea-lo clima adecuado ó desenvolvemento. Con tal motivo é necesario completar e cualifica-las ensinanzas profesionais (especialmente na confección, agricultura e gandería), así como a realización de cursos ós empresarios.

CADRO 37. TAXA DE PARO POR NIVEL DE ESTUDIOS (PADRÓN 1986)

MUNICIPIOS	ANALFABETOS SEN ESTUDIOS	PRIMEIRO GRAO	SEGUNDO GRAO	TERCEIRO GRAO
DOZÓN	0	0,4	3,5	5,7
AGOLADA	3	4	39,3	14,7
LALÍN	8,2	6,1	20,3	10,5
RODEIRO	2	0	2,1	0
SILLEDA	3,9	8,3	20,6	14
VILA DE CRUCES	1,1	5,9	8,3	14,4
DEZA	3,0	4,1	15,7	9,9
PONTEVEDRA	12,6	16,1	24,9	13,2
GALICIA	8,4	11,8	21,7	13,1

4.5.2.3.- ESTRUCTURA DO PARO POR SEXO E IDADE

Tanto as taxas de ocupación como as taxas de paro son moi similares entre ambos sexos, contrariamente ó que acontece en Galicia e na provincia, onde o paro é moi inferior nas mulleres.

Por outra parte, as mulleres teñen unha apreciable presencia no conxunto da poboación activa (34,57%) superando lixeiramente as medias provincial (32,70%) e rexional (33,58%). Estas relativas altas taxas de emprego feminino, ademais do sector primario, débense ós numerosos talleres de confección existentes na Comarca.

As maiores taxas de paro (25,02%) danse entre a poboación xove (menor de 24 anos), que busca o seu primeiro emprego. Entre a poboación adulta e a de máis de 55 anos, o paro descende considerablemente, debido tanto a que estes colectivos accederon ó mundo laboral xa fai tempo, coma á súa maioritaria ocupación na agricultura.

CADRO 38. TAXA DE ACTIVIDADE POR GRANDES GRUPOS DE IDADE (1991)

MUNICIPIOS	MULLERES 16-24	MULLERES 25-54	MULLERES >=55	MULLERES Total	HOMES 16-24	HOMES 25-54	HOMES >=55	HOMES Total	TOTAL 16-24	TOTAL 25-54	TOTAL >=55	Total
AGOLADA	38,87	37,47	12,69	26,09	69,20	88,95	21,24	58,07	53,85	63,97	16,61	41,68
DOZÓN	82,31	82,28	21,67	60,31	85,89	95,98	32,04	74,39	84,19	89,34	26,51	67,35
LALÍN	43,92	51,27	16,75	36,96	60,14	92,45	31,80	66,90	52,35	71,87	23,43	51,44
RODEIRO	27,67	32,90	17,36	25,34	69,78	86,73	18,73	57,53	49,44	61,70	18,02	41,80
SILLEDA	32,99	57,72	18,94	36,50	56,02	82,87	26,95	62,17	44,39	75,48	22,32	48,52
VILA DE CRUCES	43,49	37,50	14,24	27,47	66,82	87,95	24,68	60,01	53,73	63,91	18,76	43,04
TOTAL	41,58	49,79	16,66	34,57	63,39	91,22	26,95	63,55	52,65	70,93	21,24	48,59
MEDIA COMARCAL	41,58	49,79	16,66	34,57	63,39	91,22	26,95	63,55	52,65	70,93	21,24	48,59
MEDIA PROVINCIAL	38,05	44,96	12,69	32,70	51,66	93,22	32,61	68,57	46,51	68,74	20,97	49,64
MEDIA REXIONAL	35,68	47,22	16,57	33,58	52,43	93,14	33,18	66,36	44,19	70,07	23,72	49,18

CADRO 39. POBOACIÓN PARADA E TAXA DE PARO POR GRUPOS DE IDADE (1991)

MUNICIPIOS	Poboación de 16 a 24 anos		Poboación de 25 a 54 anos		Poboación de 54 e máis anos		Parados Totais	Taxa de Paro
	Parados	Taxa	Parados	Taxa	Parados	Taxa		
AGOLADA	122	40,53	126	10,99	7	2,26	255	14,51
DOZÓN	125	47,89	38	3,26	1	0,45	164	9,96
LALÍN	274	19,09	528	9,43	84	6,21	886	10,57
RODEIRO	130	42,35	143	12,76	11	3,55	284	16,34
SILLEDA	84	16,34	219	8,24	45	5,86	348	8,83
VILA DE CRUCES	96	19,09	168	10,17	25	5,00	289	10,89
TOTAL	831	25,02	1.222	9,16	173	5,00	2.226	11,06
MEDIA COMARCAL		25,02		9,16		5,00		11,06
MEDIA PROVINCIAL		36,96		15,50		12,27		19,09
MEDIA REXIONAL		34,05		13,91		9,48		16,34

Do anterior conclúese que é necesaria a creación de postos de traballo para xoves, entre os que cada vez ten máis importancia a poboación feminina, nun sector distinto do agrario. Este último colectivo é o que máis sofre o problema do paro, porque para o resto da poboación, e as enquisas así o sinalan, non é un problema urxente.

4.5.3.- MEDIDAS PARA FOMENTA-LO EMPREGO

Aínda que estadisticamente, a taxa de paro nesta Comarca está por debaixo das medias provincial e rexional, isto non ten máis significación que o grande subemprego existente no sector agrario e, polo tanto, o subdesenvolvemento económico. De aí que sexa necesario levar a cabo unha serie de medidas para paliar esta situación.

O paro afecta, sobre todo, ó colectivo de xoves -onde o subemprego é menor-. Sería conveniente dar a esta poboación a formación técnica adecuada co fin de lograr unha clase técnica e profesional, adecuada ós recursos da Comarca.

Así mesmo, é necesario ter en conta a incorporación da muller ó mundo do traballo e canalizar tódalas axudas procedentes de Europa (a través dos programas de igualdade de oportunidades) para a formación e capacitación deste sector da poboación.

Outra actuación debe ir na liña de modernización das actividades propias da zona: gandería e silvicultura, dando o paso cara a transformación da producción (productos lácteos, carne, chacinería, transformación da madeira).

4.6.- SÍNTESE DA ESTRUCTURA ECONÓMICA

A economía do Deza apóiase nos seguintes sectores:

1.- Un sector primario centrado na explotación gandeira, especialmente o vacuno adicado a leite e o porcino a carne. Os principais problemas que se establecen en relación a estas actividades son: a necesidade de reconversión e mellora da cabana gandeira; a insuficiente e lenta tramitación da concentración parcelaria; a falta dun número suficiente de empresas de transformación da producción agropecuaria; a escasa organización dos canais de comercialización; e a falta de planificación e asociacionismo na explotación dun recurso tan importante como é o do monte. Como vantaxes comparativas, a Comarca ofrece a Granxa Experimental de Mouriscade (Lalín), a lonxa agropecuaria e a Semana Verde (ambas en Silleda).

2.- Un sector secundario que está representado polas empresas de materiais de construcción, alimentación, transformación de aluminio, derivados da madeira e confección. Chaman a atención as escasas empresas relacionadas co sector agroalimentario, a pesar dos importantes recursos endóxenos da Comarca neste sector.

Tendo en conta a existencia dunha infraestructura industrial en Lalín e a posición deste centro coma nó principal da Comarca, sería positivo impulsar un aumento cualitativo nas súas dotacións para aproveita-las condicións xa existentes. Da mesma maneira demándase unha maior formación e información empresarial por medio de cursos.

O sector secundario pode ter tamén un importante complemento na artesanía, actualmente moi pouco desenvolvida e cun estricto carácter familiar. A formación de canteiros e a expansión destas técnicas poderían supoñer un recurso para a zona.

3.- O sector terciario que se concentra sobre todo na cabeceira principal: Lalín. Por outra banda, a posición do Deza no centro de Galicia e con fortes relacións con tódalas provincias, é un factor a considerar de cara á descentralización productiva nun medio de acollida favorable.

A potenciación de Silleda como Área de Innovación Tecnolóxica do Sector Primario (Semana Verde) é, cara o futuro, un resorte de grande transcendencia para o desenvolvemento cualitativo da Comarca.

Esta estructura económica, de múltiples carencias, coincide cun espacio de fortes contrastes internos. Fronte a unha zona de maior diversificación económica, correspondente ós municipios de Lalín, Silleda e Vila de Cruces, encóntrase outra de grande ruralidade: Dozón, Rodeiro e Agolada. Así e todo, unha certa complementariedade interna resultaría beneficiosa para a potencialidade global da Comarca. Agolada, Rodeiro, Vila de Cruces e Dozón, coma un espacio gandeiro; Silleda ampliaría esta dedicación coa agrícola e industrial; e Lalín sería a área máis diversificada, a partir da actividade industrial, terciaria e gandeira. Outras actividades coma o turismo serían un complemento importante particularmente en Vila de Cruces.

5.-HÁBITAT E CALIDADE DE VIDA

Desde hai uns anos, os conceptos de calidade e nivel de vida e o de benestar adquiriron unha grande importancia, sobre eles fixéronse múltiples reflexións, tanto sobre os conceptos coma sobre os indicadores e técnicas máis adecuadas para a súa medición. Nuns casos relacionáronse con aspectos materiais e noutros insistiuse en elementos subxectivos, tales como son a percepción por parte do individuo ou da sociedade.

O modelo productivista tomou coma un fin o que era un medio e, en consecuencia, os criterios da vida económica estendéronse a tódalas dimensións sociais. Esta primacía deu lugar a que sexa cada vez maior o desequilibrio entre o progreso técnico, a natureza e o medio social, o que trouxo como consecuencias inmediatas os elevados custos sociais e ecolóxicos.

Falar de benestar, de calidade e nivel de vida equivale a introduci-la dimensión humana no desenvolvemento territorial. De tódolos xeitos, é necesario concretar e xerarquizar minimamente estes conceptos ós que nos estamos a referir.

O nivel de vida poderíase asociar, sobre todo, á cantidade de bens e servicios postos á disposición dos individuos, mentres que a calidade de vida garda unha maior relación coas características do entorno físico e social. Ambas vertentes son necesarias para logra-lo benestar, pero non son exclusivas, xa que o benestar pódese entender como a satisfacción e o desenvolvemento dos desexos fundamentais do home. É así como o benestar engloba calidade e nivel de vida e engádelles novas dimensións de carácter fundamental: liberdade, identidade cultural, xusticia, entre outros aspectos vitais.

Con todo iso, queremos amosa-la complexidade e profundidade destes conceptos, así como a dificultade da súa medición. Os indicadores que aquí se utilizan miden parte deste aspectos. Consideráronse no seu conxunto e ó mesmo tempo, agrupáronse en bloques, xa que calquera indicador illado resulta inexacto á hora da súa interpretación.

5.1.- INDICADORES ECONÓMICOS

Os indicadores económicos que aquí utilizamos (número de licencias comerciais, entidades de crédito, camións) sinalan que a Comarca, a escala global, está nunha situación bastante deficitaria tanto con respecto á súa provincia,

como a Galicia. No único caso no que se sitúa sobre ambas medias é no de entidades bancarias por habitantes. A razón é evidente. Nos últimos anos, a difusión deste tipo de establecementos foi considerable no medio rural. A consecuencia é que naquelas zonas con pouca poboación o ratio número de entidades bancarias por mil habitantes fose moi alto. E esto é o que acontece no Deza.

De tódolos modos, convén sinala-las diferencias internas, que remarcan un esquema territorial xa repetido con anterioridade. Lalín e Silleda sitúanse moi por encima da media, tanto no número de camións coma nas licencias comerciais, con valores similares ou incluso superiores ós conxuntos provincial e rexional. No extremo oposto, Dozón ten a situación máis negativa; algo semellante ocorre con Agolada, aínda que algún ratio pareza máis alto debido á súa pouca poboación. Vila de Cruces ocupa unha posición intermedia.

A polarización territorial, das actividades económicas, é polo tanto acusada. Lalín e Silleda configuran a área máis activa da Comarca e con diferencias respecto ó resto, podendo se-la base dun Eixe de Desenvolvemento, que podería ser planificado en detalle, integrando os grandes equipamentos -Semana Verde, Polígonos e Parques Empresariais- nun esquema director do Territorio.

CADRO 40. DATOS DE LICENCIAS COMERCIAIS POR 1.000 HABITANTES EN 1991

	POBOACIÓN Total 91	LICENCIAS Alimentación	LICENCIAS Resto	LICENCIAS Totais	LICENCIAS Aliment. 1.000 Hab.	LICENCIAS Resto 1.000 Hab.
DOZÓN	2.565	5	4	9	1,95	1,56
AGOLADA	4.731	17	34	51	3,59	7,19
LALÍN	19.777	131	245	376	6,62	12,39
RODEIRO	4.856	13	20	33	2,68	4,12
SILLEDA	9.383	72	99	171	7,67	10,55
VILA DE CRUCES	7.189	42	76	118	5,84	10,57
TOTAL					5,77	9,86
TOTAL COMARCAL					5,77	9,86
TOTAL PROVINCIAL					11,63	12,10
TOTAL REXIONAL					10,58	13,63

CADRO 41. CAMIÓNS POR MIL HABITANTES EN 1991

MUNICIPIOS	POBOACIÓN TOTAL 91	NÚMERO CAMIÓNS	Nº CAMIÓNS 1.000 HAB.
DOZÓN	2.565	18	7,02
AGOLADA	4.731	48	10,15
LALÍN	19.777	442	22,35
RODEIRO	4.856	61	12,56
SILLEDA	9.383	260	27,71
VILA DE CRUCES	7.189	144	20,03
TOTAL	48.501	973	20,06
MEDIA COMARCAL			20,06
MEDIA PROVINCIAL			20,42
MEDIA REXIONAL			23,79

CADRO 42. ENTIDADES FINANCEIRAS

MUNICIPIO	POBOACIÓN TOTAL 86	OFICINAS BANCARIAS 85	OFICINAS CAIXAS 88	BANCO E CAIXA 1.000 HAB.
DOZÓN	2.516	0	0	0,00
AGOLADA	4.542	3	1	0,88
LALÍN	19.060	9	5	0,73
RODEIRO	4.771	3	3	1,26
SILLEDA	9.937	7	4	1,11
VILA DE CRUCES	7.985	3	3	0,75
TOTAL	48.811	25	16	0,84
MEDIA COMARCAL	48.811	25	16	0,84
MEDIA PROVINCIAL	884.408	411	250	0,75
MEDIA REXIONAL	2.784.427	1.418	698	0,76

5.2.- *INFRAESTRUCTURAS*

Constitúen a base de todo relanzamento e desenvolvemento económico posterior, sobre todo as relacionadas co transporte e as vías de comunicación.

5.2.1.- INFRAESTRUCTURAS DE TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS.

Esta Comarca, debido á súa posición central en Galicia, ten unha rede de estradas principais que a comunican con toda a rexión, o que a dota dunha accesibilidade moi alta. Ademais dunha serie de vías de menor importancia, atravésana as seguintes: N-525, que a comunica con Santiago e Ourense; N-640, coa Estrada e Lugo; C-533, con Chantada. Está previsto que estas vías se transformen en autovías e vías rápidas, segundo o futuro plan de estradas de Galicia.

Esta situación vese reflexada nos datos sobre estado das estradas. Tanto no que respecta ó ancho da calzada coma ó tipo de firme, a media da Comarca (12,22 e 40,71) é superior á de Galicia (9,0 e 24,4) e incluso á de España (11,0 e 33,1). En relación á provincial a situación é practicamente similar (18,2 e 40,7). O municipio que está en peores condicións é Agolada.

Por outra banda, as inversións de 1992 e 1993, para estradas, denotan a mellora destas infraestructuras na Comarca. Os datos que se recollen no cadro seguinte, hai que engadi-las inversións de 1993 que alcanzan os 1.000 Mill. de ptas. na estrada Silleda-Vila de Cruces.

CADRO 44. DISTRIBUCIÓN DA INVERSIÓN POR MUNICIPIOS

ESTRADA	MILL. DE PTAS.
SILLEDA-VILLA DE CRUCES	65
SILLEDA-BODAÑO	85
LALÍN-FARO	100
ALTO DO FARO-LALÍN	750
LÍMT. PROV. A CORUÑA-AGOLADA	550
TOTAL	1.550

A densa rede de estradas supón, por outra parte, unha serie de inconvenientes tales coma o do tráfico de paso, que nos municipios de

CADRO 43. ESTADO XERAL DAS ESTRADAS

MUNICIPIO	KM. TOTAIS	KM. BO FIRME	KM. ANCHO > 7 M.	% KM. BO FIRME	% KM. ANCHO > 7M.
DOZÓN	72,8	15,2	15,2	20,88	20,88
AGOLADA	171,3	7,1	0,0	4,14	0,00
LALÍN	258,1	38,0	15,0	14,72	5,81
RODEIRO	110,1	110,1	20,6	100,00	18,71
SILLEDA	124,5	124,5	56,1	100,00	45,06
VILA DE CRUCES	137,9	61,2	0,0	44,38	0,00
TOTAL	874,7	356,1	106,9	40,71	12,22
MEDIA COMARCAL	874,7	356,1	106,9	40,71	12,22
MEDIA PROVINCIAL				40,05	18,28
MEDIA REXIONAL				24,40	9,00
MEDIA NACIONAL				33,13	11,03



REDE VIARIA PROPOSTA NO DOCUMENTO DE SÍNTESE
DO PLAN DE ESTRADAS DE GALICIA (DEC./1990)

REDE ESTATAL	REDE AUTONÓMICA
Vía rápida ou autovía	Vía rápida ou autovía
	Primaria básica
	Primaria complementaria
	Primaria secundaria

MAPA 11



MAPA 12

Lalín, Silleda e Dozón é moi grave. Este feito non é de estrañar porque a IMD na zona supera os 13.000 vehículos/día no traxecto Santiago-Lalín e máis de 10.000 no de Lalín-Ourense.

A Autovía proxectada resolverá este problema e potenciará o Eixe de Desenvolvemento, o mesmo que o anel circulatorio que se prevé para circunvalar Lalín. Este feito conxuntamen-

te coa futura estación de autobuses, solucionará o problema de tráfico neste núcleo.

En canto ó transporte público, organízase por medio das liñas regulares de autobuses, que comunican a Deza co resto de Galicia. A intensidade é maior con Santiago e Ourense, pero hai importantes relacións coa Estrada e Chantada.

Por outra banda, hai empresas de transporte de mercancías centradas en Lalín. Tamén é importante a rede de camionetas para a venda ambulante. Na súa maioría son intracomarcais, pero veñen tamén de puntos alonxados, en función das mercancías transportadas (Vilagarcía, Melide).

Con relación ás comunicacións telefónicas, a situación é a característica na zona rural. Hai un claro déficit deste servicio, aínda que agora se estea tratando de paliar co Plan de Telefonía Rural, mediante o cal prevese unha inversión de 147 Mill. de ptas., que teñen unha distribución por municipios que é a seguinte:



ÁREAS DE RELACIÓN COA COMARCA DE DEZA
POR TRANSPORTE DE AUTOBUSES

MAPA 13

MUNICIPIOS	Mill. de ptas.
Vila de Cruces	76,5
Lalín	49,5
Silleda	12,0
Dozón	4,5
Agolada	3,0
Rodeiro	1,5
TOTAL	147

Esta Comarca ten 143 telf./1.000 hab., mentres que os valores para a provincia e a rexión son de 308 e 277, respectivamente. As diferencias internas son importantes. Lalín e Silleda seguen a aparecer coma os centros máis activos. A facturación telefónica por habitante así o demostra. Dozón sitúase no extremo contrario.

Outro aspecto importante é a accesibilidade ó teléfono; neste sentido, cabe sinalar que as zonas máis deficientes son Agolada e Vila de Cruces, onde se rexistran as maiores distancias de acceso a un teléfono. Esta situación de precariedade cambiará nos próximos anos, o que suporá un avance considerable na Comarca.

CADRO 45. DEFICIENCIAS NO SERVICIO TELEFÓNICO

MUNICIPIO	POBOACIÓN TOTAL 86	DISTANCIA KM. TELF. + PROXIM.
DOZÓN	2.516	0
AGOLADA	4.542	8,9
LALÍN	19.060	0
RODEIRO	4.771	0
SILLEDA	9.937	0
VILA DE CRUCES	7.985	4
TOTAL	48.811	2,15

No que se refire ós medios de comunicación, os xornais máis lidos son da Coruña, en primeiro lugar, e de Vigo, en segundo.

A recepción de emisións de TV e Radio é boa en xeral, agás en Dozón e Agolada, onde hai que ter en conta a existencia dunhas zonas montañosas que danan as recepcións.

CADRO 46. FACTURACIÓN TELEFÓNICA EN 1989

MUNICIPIOS	POBOACIÓN 89 TOTAL	FACTURACIÓN TLF. MILES DE PTS.	FACTURACIÓN TLF. *1.000 HAB.
DOZÓN	2.809	2.368,10	843,04
AGOLADA	5.003	12.308,30	2.460,18
LALÍN	20.664	138.957,20	6.724,60
RODEIRO	4.855	13.152,20	2.709,00
SILLEDA	10.508	65.777,90	6.259,79
VILA DE CRUCES	8.444	26.472,10	3.135,02
TOTAL	52.283	259.035,80	4.954,49
MEDIA COMARCAL			4.954,49
MEDIA PROVINCIAL			12.168,19
MEDIA REXIONAL			11.167,26

CADRO 47. RECEPCIÓN DE EMISIÓNS

MUNICIPIO	RECEPCIÓN TV1	RECEPCIÓN TV2	RECEPCIÓN TVG	RECEPCIÓN FM
DOZÓN	BEN	BEN	BEN	REGULAR
AGOLADA	BEN	BEN	REGULAR	REGULAR
LALÍN				
RODEIRO	BEN	BEN	BEN	BEN
SILLEDA	BEN	BEN	BEN	BEN
VILA DE CRUCES	BEN	BEN	BEN	BEN
BEN	100,00%	100,00%	80,00%	60,00%
MAL	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
REGULAR	0,00%	0,00%	20,00%	40,00%

5.2.2.- OUTRAS INFRAESTRUCTURAS

Neste apartado englobáronse as infraestructuras e equipamentos que serven para medir ata que punto están cubertas as necesidades básicas da poboación en dotacións como electricidade, sumidoiros, traída de auga, limpeza, etc.

En canto á electricidade, utilizouse como indicador o consumo doméstico por habitante, que en definitiva ten un carácter sintético, ó sinalar tanto a extensión deste equipamento coma o nivel de vida da poboación usuaria. No que a esta Comarca se refire, o consumo medio (385,5 kw/h) está moi por debaixo das medias provincial (636,5) e rexional (563,1). Este feito sinala o baixo nivel de equipamento nas vivendas (electrodomésticos e densidade dos puntos de luz), xa que a electrificación chegou, practicamente, a toda a área, aínda que hai deficiencias en núcleos de Rodeiro, Dozón e Vila de Cruces. Así mesmo, tamén hai que ter en conta que o servicio é ás veces precario, con fortes caídas de tensión nas horas punta.

Coma na maioría dos indicadores, as diferencias internas son importantes. A Lalín correspóndelle o 60% do consumo comarcal

CADRO 48. CONSUMO ELÉCTRICO (TARIFA DOMÉSTICA)

MUNICIPIOS	POBOACIÓN 89 TOTAL	CONSUMO 89 (KWH)	CONSUMO 89 HAB. ANO	% CONSUMO COMARCAL
DOZÓN	2.809	737.342,00	262,49	3,66
AGOLADA	5.003	650.874,00	130,10	3,23
LALÍN	20.664	12.494.249,00	604,64	61,98
RODEIRO	4.855	1.680.559,00	346,15	8,34
SILLEDA	10.508	1.395.911,00	132,84	6,92
VILA DE CRUCES	8.444	3.200.384,00	379,01	15,88
TOTAL	52.283	20.159.319,00	385,58	100,00
MEDIA COMARCAL	52.283	20.159.319,00	385,58	100,00
MEDIA PROVINCIAL	920.343	585.867.453,00	636,58	
MEDIA REXIONAL	2.896.774	1.631.236.732,80	563,12	

(con menos do 40% da poboación), o que mostra a súa posición na zona. Quizais caiba facer unha consideración para o caso de Silleda. Segundo os datos, o seu consumo doméstico é extraordinariamente baixo. A razón pódese buscar en que neste municipio hai algunha pequena empresa de producción eléctrica e a súa facturación non vén reflexada na de UNION-FENOSA, de onde se obtiveron estes datos. Agolada e Dozón aparecen coma os centros máis desfavorecidos, o que condiciona negativamente o desenvolvemento dos sectores productivos nestes municipios.

De cara á mellora da electrificación, cabe sinala-lo plan de inversións previstas ata 1994:

CADRO 49. INVERSIÓNS PREVISTAS EN ELECTRIFICACIÓN HASTA 1994

MUNICIPIOS	MILL. DE PTAS.
DOZÓN	110
AGOLADA	195
LALÍN	561
RODEIRO	209
SILLEDA	355
VILLA DE CRUCES	287
TOTAL	1.718

Con respecto ós restantes equipamentos, e se se considera a Comarca de maneira global, hai aínda importantes carencias na maioría dos servicios. Non é estraño dado o carácter disperso do poboamento, o que encarece considerablemente levar todos estes servicios á poboación. Os equipamentos localízanse, sobre todo, nos núcleos maiores de cada municipio e os mellor comunicados. O resto ten fortes deficiencias.

En canto á situación interna da Comarca, Lalín amosa unhas mellores condicións có resto do espacio comarcal. Os principais déficits danse en saneamento, recollida de lixo e pavimentación do solo urbano. O servicio de iluminación pública está en mellores condicións. A distribución de auga acada niveis intermedios, aínda que non suficientes.

De cara a paliar, polo menos en parte, os problemas anteriores, están previstas as seguintes actuacións: en Lalín, estación de tratamento de auga potable (154,5 millóns de ptas.), construcción de colectores e estación depuradora de augas residuais (90,5 millóns de ptas.), -unida a outra prevista no parque empresarial Lalín 2000- e canalización do río Pontiñas, con depuración (750,1 millóns de ptas.).

Tamén en Dozón e Silleda vanse realizar obras de abastecemento de auga.

CADRO 50. SERVICIO DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA POTABLE

MUNICIPIO	POBOACIÓN TOTAL 86	VIVENDAS TOTAL 81	VIVENDAS ACOMETIDA	% VIVENDAS ACOMETIDA	VIVENDAS POSIBILIDADES	VIVENDAS DÉFICIT	% VIVENDAS DÉFICIT
DOZÓN	2.516	502	59	11,75	11	80	18,13
AGOLADA	4.542	1.466	183	12,48	13	323	22,92
LALÍN	19.060	6.158	2.255	36,62	0	2.839	46,10
RODEIRO	4.771	1.421	96	6,76	0	55	3,87
SILLEDA	9.937	3.239	576	17,78	80	318	12,29
VILA DE CRUCES	7.985	2.422	268	11,07	61	371	17,84
TOTAL	48.811	15.208	3.437	22,59%	165	3.986	27,29%
MEDIA COMARCAL				22,59%			27,29%
MEDIA PROVINCIAL				30,08%			12,51%
MEDIA REXIONAL				86,74%			13,26%
MEDIA NACIONAL				96,82%			3,18%

CADRO 51. ESTADO DA REDE DE SUMIDOIROS

MUNICIPIO	CALIDADE SUMIDOIROS	ESTADO SUMIDOIROS
DOZÓN	ACEPTABLE	BO
AGOLADA	BOA	BO
LALÍN	BOA	BO
RODEIRO	ACEPTABLE	BO
SILLEDA	ACEPTABLE	MALO
VILA DE CRUCES	BOA	BO
MEDIA COMARCAL		
BEN		83,33%
MAL		16,67%
REGULAR		0,00%
MEDIA REXIONAL		
BEN		50,06 %
MAL		5,49%
REGULAR		44,45%
MEDIA NACIONAL		
BEN		67,32%
MAL		7,91%
REGULAR		24,77%

CADRO 52. GRAO DE SANEAMENTO AUTÓNOMO, 1987

MUNICIPIOS	POBOACIÓN TOTAL 86	VIVENDAS TOTAL 81	SAN. AUT. POBOACIÓN	SAN. AUT. VIVENDAS	% SAN. AUT. POBOACIÓN	% SAN. AUT. VIVENDAS
DOZÓN	2.516	502	2.467	499	98,05	99,40
AGOLADA	4.542	1.466	4.353	1.196	95,84	81,58
LALÍN	19.060	6.158	14.213	3.904	74,57	63,40
RODEIRO	4.771	1.421	4.496	1.045	94,24	73,54
SILLEDA	9.937	3.239	470	153	4,73	4,72
VILA DE CRUCES	7.985	2.422	7.364	2.177	92,22	89,88
TOTAL	48.811	15.208	33.363	8.974	68,35%	59,00%
MEDIA COMARCAL					68,35%	59,00%
MEDIA REXIONAL					39,58%	34,27%
MEDIA NACIONAL					15,60%	11,21%

CADRO 53. SERVICIO DE ILUMINACIÓN PÚBLICA 1987

MUNICIPIO	POBOACIÓN TOTAL 86	VIVENDAS TOTAL 81	VIVENDAS AFECTADAS	% VIVENDAS AFECTADAS	CALIDADE SERVICIO
DOZÓN	2.516	502	0	0,00	BOA
AGOLADA	4.542	1.466	152	10,37	BOA
LALÍN	19.060	6.158	1.556	25,27	BOA
RODEIRO	4.771	1.421	20	1,41	REGULAR
SILLEDA	9.937	3.239	0	0,00	BOA
VILA DE CRUCES	7.985	2.422	1.400	57,80	REGULAR
TOTAL	48.811	15.208	3.128	20,56%	
BEN					66,67%
MAL					0,00%
REGULAR					33,33%
MEDIA COMARCAL				20,56%	
MEDIA REXIONAL				19,13%	
MEDIA NACIONAL				4,60%	

CADRO 54. LIMPEZA E RECOLLIDA DE LIXO

MUNICPIO	POBOACIÓN TOTAL 86	POBOACIÓN SEN RECOLLIDA	% POBOACIÓN AFECTADA
DOZÓN	2.516	2.516	100,00
AGOLADA	4.542	4.504	99,16
LALÍN	19.060	14.597	76,58
RODEIRO	4.771	4.496	94,24
SILLEDA	9.937	8.054	81,05
VILA DE CRUCES	7.985	7.248	90,77
TOTAL	48.811	41.415	84,84%

CADRO 55. DÉFICIT DE PAVIMENTACIÓN NO SOLO URBANO, 1987

	POBOACIÓN TOTAL 86	VIVENDAS TOTAL 81	SUPERFICE M² TOTAL	SUPERFICIE M² Non pavimentada	% Non pavimentada Por vivenda	% SUPERFICIE Non pavimentada
DOZÓN	2.516	502	13.950			
AGOLADA	4.542	1.466	56.527	4.350	33,70	7,70
LALÍN	19.060	6.158	362.500	19.700	31,26	5,43
RODEIRO	4.771	1.421	28.680			
SILLEDA	9.937	3.239	91.100	15.300	21,17	16,79
VILA DE CRUCES	7.985	2.422	73.280			
TOTAL	48.811	15.208	626.037	39.350	38,64%	6,28%
MEDIA COMARCAL					38,64%	6,28%
MEDIA REXIONAL					15,68%	21,77%
MEDIA NACIONAL					14,00%	24,68%

5.3.- *VIVENDA E PLANEAMENTO URBANO*

Neste apartado englóbase a análise evolutiva do parque de vivendas, o estudio do planeamento urbano e o patrimonio histórico-artístico. A combinación racional destes tres factores é esencial para a execución dun urbanismo coherente.

5.3.1.- PARQUE DE VIVENDAS

É de sinalar, en primeiro lugar, unhas características similares á Galicia interior. As vivendas son na súa maioría vivendas principais. A residencia secundaria é, practicamente, inexistente, xa que esta Comarca non ten un desenvolvemento turístico nin forma parte dunha área periurbana de segunda residencia. O resto son vivendas baleiras, que se explican pola emigración. Son vivendas que en ocasións ocúpanse durante a estancia dos emigrantes e outras veces responden a casas rurais en estado máis ou menos ruinoso.

En relación ó ritmo de construcción da Comarca, segue unha tendencia similar ó conxunto provincial e galego, pero cunha porcentaxe de incremento notablemente inferior, agás o quinquenio 1981-86, que ofrece uns valores similares. Non obstante, tense que considera-la evolución experimentada no conxunto do período 1970-1991, posto que os datos de 1986 non ofrecen garantías suficientes de credibilidade estatística (probablemente ó ter como fonte o Padrón e non o Censo de Habitantes) e os de 1991 eran aínda provisionais no momento de redactar este Plan.

Tendo en conta o anterior, por municipios Lalín ofrece o maior incremento (4.735 a 7.168 vivendas construídas entre 1970-1991), aínda que nos últimos anos son Rodeiro e Agolada os que experimentan unha evolución máis positiva, polo retorno dos emigrantes e o papel de concentración inmobiliaria nas súas respectivas cabeceiras municipais.

Así mesmo, é de destacar -sobre todo no caso de Rodeiro (25,26%) e Lalín (20,34%)- a alta porcentaxe de vivendas desocupadas debido a unha oferta moi superior á demanda real de vivendas. Dozón e Silleda son, neste sentido, os que ofrecen unha situación máis equilibrada.

En síntese, a evolución reflexa unha tendencia de recesión na construcción inmobiliaria, debido ó descenso da emigración, á articulación económica desfavorable e a un sobredimensionamento da oferta, feitos que motivan un grande número de vivendas desocupadas. Non obstante, como esta Comarca non é particularmente dinámica, a diferencia entre a etapa anterior e a posterior a 1981 está menos marcada que na provincia ou na rexión.

Ademais da construcción de vivendas de iniciativa privada, hai que sinala-lo feito recente de outras 21 de promoción pública en Silleda. E aconsellable continuar nesta liña, posto que existen persoas de escasos recursos económicos que non poden acceder ás vivendas máis caras, promovidas polas constructoras privadas.

Por último, as axudas para a rehabilitación de vivendas rurais (por medio dunha adecuada e áxil tramitación), poden axudar a descende-lo número de vivendas desocupadas, ó tempo que son un instrumento para conserva-la arquitectura tradicional.

CADRO 56. NÚMERO DE VIVENDAS NOS MUNICIPIOS GALEGOS E A SÚA EVOLUCIÓN, ENTRE 1970 E 1991

MUNICIPIOS	Nº VIVENDAS 1970	Nº VIVENDAS 1981	Nº VIVENDAS 1986	Nº VIVENDAS 1991	% EVOLUCIÓN 1970-81	% EVOLUCIÓN 1981-86	% EVOLUCIÓN 1986-91
DOZÓN	646	502	570	544	-22,29	13,55	-4,56
AGOLADA	1.531	1.466	1.417	1.786	-4,25	-3,34	26,04
LALÍN	4.735	6.158	7.427	7.168	30,05	20,61	-3,49
RODEIRO	1.301	1.421	1.148	1.528	9,22	-19,21	33,10
SILLEDA	3.038	3.239	3.268	3.324	6,62	0,90	1,71
VILA DE CRUCES	2.348	2.422	2.784	2.779	3,15	14,95	-0,18
TOTAL					11,83	9,25	3,10
MEDIA COMARCAL					11,83	9,25	3,10
MEDIA PROVINCIAL					36,61	9,62	6,51
MEDIA REXIONAL					30,79	8,57	6,26

CADRO 57. DISTRIBUCIÓN DA VIVENDA. 1991

MUNICIPIO	% VIVENDAS PRINCIPAIS	% VIVENDAS SECUNDARIAS	% VIVENDAS DESOCUPADAS	% OUTRAS NON CONSTAN
DOZÓN	88,60	4,96	6,43	0,00
AGOLADA	74,41	8,90	14,84	1,85
LALÍN	72,70	6,53	20,34	0,43
RODEIRO	71,73	2,88	25,26	0,13
SILLEDA	79,06	5,60	9,99	5,35
VILA DE CRUCES	72,29	12,38	14,68	0,65
TOTAL	74,46	7,17	16,84	1,53
MEDIA COMARCAL	74,46	7,17	16,84	1,53
MEDIA PROVINCIAL	72,39	10,63	13,81	3,17
MEDIA REXIONAL	69,49	10,84	17,32	2,35

GRÁFICO 14. EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS NA COMARCA DE DEZA



5.3.2.- ESTADO DO PLANEAMENTO URBANO

O planeamento urbano é un factor fundamental que inflúe, non só na ordenación dun espacio determinado, senón tamén na calidade e nivel de vida dos seus habitantes. Desta maneira, non se pode establece-lo desenvolvemento económico dunha Comarca sen ter en conta o marco dun documento urbanístico, no que se ten que apoiar toda planificación racional.

Como mostra desta situación detállanse a continuación o estado do planeamento en cada un dos municipios do deza:

- LALIN. Está vixente o PGOM de 1979, que se está a revisar na actualidade. O equipo redactor é IDASA e ten xa a aprobación inicial (1982).
- VILA DE CRUCES. Está vixente a Delimitación de Solo Urbano de 1974. O Plan en redacción é o das Normas Subsidiarias de Planeamento, co equipo redactor Oficina de Planeamento. A aprobación provisional é de 1984.
- AGOLADA. Están vixentes as Normas Subsidiarias de Planeamento de 1987 e non hai ningún Plan en redacción.
- SILLEDA. O Plan vixente é o PGOM DE 1981 e hai unha revisión do mesmo. O equipo redactor é o de J. Rico Lenza.

- DOZÓN. O seu planeamento está baixo unha delimitación do Solo Urbano, realizada por Carlos Berride, con aprobación inicial en 1984.
- RODEIRO. O Plan vixente é o de Delimitación de Solo Urbano (1974) e en redacción as Normas Subsidiarias de Planeamento, co equipo de J. Morenas Aydillo. Ten a aprobación inicial de 1986.

En conxunto obsérvanse unha serie de déficits neste campo, que convén subsanar antes de iniciar outro tipo de accións. O desordenado crecemento urbano dalgúns núcleos (densificación na construcción, carencia en dotacións de solo para equipamentos públicos e zonas verdes, etc.), hai que engadir unha petición xeneralizada, por parte dos Concellos, para revisa-lo Planeamento así coma unha maior dotación de solo industrial.

5.3.3.- PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO

A Comarca ten un interesante e denso patrimonio artístico, distribuído por todos e cada un dos municipios que a integran. Este legado intégrano igrexas, mosteiros, pazos, casas (de labranza, rectorais,...).

Todo iso significa un gran potencial de cara a un aproveitamento turístico en distintas vertentes, ó mesmo tempo complementarias, xa que é posible reconverter casas ou pazos en establecementos hoteleiros singulares e integralos en rutas de interese turístico. Non obstante moitas destas medidas encóntranse na actualidade condicionadas polos propietarios destas edificacións e porque non sería posible, presupostariamente, estender esta política de restauración a tódolos monumentos da Comarca.

INVENTARIO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO CONCELLO DE AGOLADA

CASAS:
Casa dos Arias. Santa Comba
Casa (grande) de Axiar. Ventosa
Casa de Barral. Carmoega
Casa (grande) de Cabanelas. Borraxeiros
Casa dos Castrexo. Baiña
Casa do Coto. Artoño
Casa (grande) de Cristín. Borraxeiros
Casa de Gallego. Ferreiroa
Casa de Hermida Somoza. Trabancas
Casa de Lagariños. Eidián
Casa de Martínez. Val
Casa de Méndez. Artoño
Casa de Pallares. Brántega
Casa rectoral. Borraxeiros
Casa rectoral. Trabancas
Casa de Sarandeses. Ferreiroa
Casa Torre de Sesto. San Cibrán
Casa de Traspeñas. Artoño.

PAZOS:
Pazo de Eidián
Pazo de Borraxeiros

IGREXAS:
Capela de Santo André de Carmoega
Capela de Santo Anxo de Garda. Artoño
Capela de Santa Cruz. Brántega. San Lourenzo
Capela de Santa Cruz. Brocos. Santa Baia
Capela de San Miguel de Brántega San Lourenzo
Capela de Moas. Brántega. San Lourenzo
Capela de San Ramón. Artoño
Capela de San Ramón. Carmoega
Capela de San Silvestre. Ventosa. Santa María
Igrexa parroquial de Agra. San Cibrán
Igrexa parroquial anexa a San Pedro. Merlín
Igrexa parroquial de Artoño. Santa Baia
Igrexa parroquial de Baiña. San Pedro
Igrexa parroquial de Bais. San Paio
Igrexa parroquial de Basandre. Santa María
Igrexa parroquial de Barredo. Santa María

Igrexa parroquial de Besto. San Cibrán
Igrexa parroquial de Borraxeiros. San Cristovo
Igrexa parroquial de Brántega. San Lourenzo
Igrexa parroquial de Brocos. San Miguel
Igrexa parroquial de Carmoega. San Pedro
Igrexa parroquial de Eidián. Santiago
Igrexa parroquial de Esperante
Igrexa parroquial de Ferreiroa. San Pedro
Igrexa parroquial de Gurgueiro
Igrexa parroquial de Orrea. Santo André
Igrexa parroquial de Ramil. San Martiño
Igrexa parroquial de Santa Comba. San Xoán
Igrexa parroquial de Sexo. Santiago
Igrexa parroquial de Trabancos. San Mamede
Igrexa parroquial de Val. Santa María
Igrexa parroquial de Ventosa. Santa MAría

INVENTARIO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO CONCELLO D E DOZÓN

CASAS:
Casa Rectoral de Dozón. Santa María

IGREXAS:
Capela de Alto de Santo Domingo
Capela de San Mauro e do Pilar. Sisto. San Xoán
Capela de Sanguiñeda. San Antonio
Capela da Virxe da Peña de Francia. Dozón. Santa María
Igrexa parroquial de Maceiras
Igrexa parroquial de San Pedro de Vilanova Mosteiro de Mozón
Igrexa parroquial de Saa. Santiago
Igrexa parroquial de San Salvador da O
Igrexa parroquial de Sanguiñeda
Igrexa parroquial de Sisto. San Xoán
Igrexa parroquial de Bidueiro. Santa Isabel
Igrexa parroquial de Vilarello

INVENTARIO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO CONCELLO DE LALÍN

IGREXAS:
Capela de San Antonio. Vilatuxe
Capela vella de San Bartolomé. Vilatuxe
Capela de San Bieito. Vilatuxa
Capela de Santa María. Catasós
Capela de Montserrat. Donramiro
Capela dos Remedios. Noceda
Capela de San Roque. Catasós
Capela da Virxe das Angustias. Goiás
Capela da Virxe da Mercé. Anzo
Ermida da Nosa Señora dos Desamparados. Cangas
Santuario do Corpiño. Losón
Igrexa parroquial de Alemparte
Igrexa parroquial de Albarellos
Igrexa parroquial de Anseán
Igrexa parroquial de Anzo
Igrexa parroquial de Barcia
Igrexa parroquial de Bendorio
Igrexa parroquial de Bormes
Igrexa parroquial de Botos
Igrexa parroquial de Busto
Igrexa parroquial de Cadrón
Igrexa parroquial de Camposancos
Igrexa parroquial de Cangas
Igrexa parroquial de Catasós
Igrexa parroquial de Castro
Igrexa parroquial de Cellos
Igrexa parroquial de Cecio
Igrexa parroquial de Cristimil
Igrexa parroquial de Doade
Igrexa parroquial de Donramiro
Igrexa parroquial de Donsión
Igrexa parroquial de Erbo
Igrexa parroquial de Galegos
Igrexa parroquial de Goiás
Igrexa parroquial de Gresande
Igrexa parroquial de Lalín de Abaixo
Igrexa parroquial de Lalín
Igrexa parroquial de Lodeiro
Igrexa parroquial de Lebozán
Igrexa parroquial de Losón
Igrexa parroquial de Maceiras
Igrexa parroquial de Madriñán
Igrexa parroquial de Meixome
Igrexa parroquial de Moneixas
Igrexa parroquial de Muimenta
Igrexa parroquial de Noceda
Igrexa parroquial de Palio
Igrexa parroquial de Palmón
Igrexa parroquial de Parada

Igrexa parroquial de Pena
Igrexa parroquial de Prado
Igrexa parroquial de Rodis
Igrexa parroquial de Santiso
Igrexa parroquial de Sello
Igrexa parroquial de Soutolongo
Igrexa parroquial de Val
Igrexa parroquial de Veiga
Igrexa parroquial de Vilanova
Igrexa parroquial de Vilatuxe
Igrexa parroquial de Xesta
Igrexa parroquial de Zobra
Igrexa de San Pedro de Alperiz. Parada

CASAS:
Casa dos Alentados. Moncixas
Casa de Albarellos. Albarellos
Casa do lugar do Barrio. Anzo
Casa de Bielas. Goiás
Casa do Calviño. Maceiras
Casa de Cabote. Barcia
Casa de Cardexía. Filgueira
Casa de Casares. Goiás
Casa de Cristimil. Cristimil
Casa do Escribano. Madriñán
Casa de Espinosa ou Infanzóns. Soutolongo
Casa Capela de Espiño. Filgueira
Casa de Fidalgo ou de Maquieira Camposancos
Casa de García Sánchez. Goiás
Casa de Gomar. Anzo
Casa de López. Anseán
Casa de Montouto. Cercio
Casa dos Novoas. Soutolongo
Casa de Pita. Vilatuxe
Casa de Lataxos. Catasós
Casa rectoral vella. Cadrón
Casa rectoral de Maceiras
Casa soarenga e capela. Santiso
Casa de Taboada. Cello
Casa de Torreiro. Palio
Casa do Val. Parada
Casa de Vilanova. Vilanova
Casa de Viñoa. Soutolongo
Porta do arco conopial. Camposancos

PAZOS:
Pazo de Anzuxán. Madriñán
Pazo de Bendoiro de Abaixo. Bendoiro
Pazo dos Castro Piñeiro. Val. Santo André
Pazo de Des. Soutolongo
Pazo de Eirexe. Prado
Pazo de Filgueira. Donramiro
Pazo de Don Frean. Catasós
Pazo dos Xil. Barcia
Pazo dos Xil e Taboada. Donsión
Pazo de Liñares. Anzo
Pazo de Outeiro. Vilatuxe
Ponte de Cistimil

INVENTARIO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO CONCELLO DE RODEIRO

CASAS:
Casa do Concello. San Vicente
Casa Vella Botica. Rodeiro. San Vicente
Casa anexa a Igrexa parroquial de Camba. San Salvador
Casa anexa a Igrexa parroquial de Rodeiro. San Vicente
Casa da devesa ou de escribán. Río. Santa María
Casa da Granxa. Salto. Santo Estevo
Casa de Guerra e Arcó. Negrelos. San Cibrao
Casa Nova. Fafián . Santiago
Casa rectoral. Guillar. Santa María
Casa rectoral. Salto. Santo Estevo
Casa de Res. Carboente. Santo Estevo
Casa de Vales. Salto. Santo Estevo
Casa de Vázquez. Guillar. Santa María

IGREXAS:
Capela vella de Santa Cruz. Portela de S. Cristovo
Capela de Sta. Cruz. Asperelo. San Martiño
Capela de Xan. Rodeiro. San Vicente
Igrexa parroquial de Alceme. Santa María
Igrexa parroquial de Arnego. Santiago
Igrexa parroquial de Asperelo. San Martiño
Igrexa parroquial de Az. San Cristovo
Igrexa parroquial de Camba. Santa Baia
Igrexa parroquial de Camba. San Xoán
Igrexa parroquial de Camba. San Salvador
Igrexa parroquial de Carboente. Santo Estevo
Igrexa parroquial de Fafián. Santiago
Igrexa parroquial de Guillar. Santa maría
Igrexa parroquial de Negrelos. San Cibrao
Igrexa parroquial de Pedroso. San Xiao

Igrexa parroquial de Pescoso. Santa María
Igrexa parroquial de Portela. San Cristovo

INVENTARIO PATRIMONIO ARQUITECTONICO:
Igrexa parroquial de Río. Santa maria
Igrexa parroquial de Riobó. San Miguel
Igrexa parroquial de Rodeiro. San Vicente
Igrexa parroquial de Salto. Santo Estevo
Igrexa parroquial de Senra. San Paio
Igrexa parroquial de Vilela. Santa María

PAZOS:
Pazo de Camba. Camba. San Xoán
Pazo de Trasulfe. Fafián. Santiago

TORRES:
Torre de Guillar. Santa María

TULLA:
Tulla en Fafián. Santiago

PONTES:
Ponte Pedroso

INVENTARIO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO CONCELLO DE SILLEDA

IGREXAS:
Capela do Couto. Cira
Capela dos Desamparados. Abades
Capela de San Xosé. Moalde
Capela de Santa María. Graba
Capela de Vilar. Graba
Igrexa de San Bieito de Pereiro. Laro
Igrexa parroquial de Breixa
Igrexa parroquial de Castro
Igrexa parroquial de Cerbaña
Igrexa parroquial de Cira
Igrexa parroquial de Cortegada
Igrexa parroquial de Chapa
Igrexa parroquial de Dornelas
Igrexa parroquial de Escuadro
Igrexa parroquial de Fiestras
Igrexa parroquial de Graba
Igrexa parroquial de Lamela
Igrexa parroquial de Laro
Igrexa parroquial de Manduas
Igrexa parroquial de Margaride
Igrexa parroquial de Martixe
Igrexa parroquial de Moalde
Igrexa parroquial de Negreiros
Igrexa parroquial de Oleiros
Igrexa parroquial de Pazos
Igrexa parroquial de Parada
Igrexa parroquial de Piñairo
Igrexa parroquial de Ponte
Igrexa parroquial de Refoxos
Igrexa parroquial de Rellas
Igrexa parroquial de Saidere
Igrexa parroquial de Siador
Igrexa parroquial de Silleda
Igrexa parroquial de Taboada
Igrexa parroquial de Vilar
Igrexa parroquial de Xestoso

CASAS:
Casa do Arco. Fiestras
Casa da Carballeda. Taboada
Casa dos Chaos con Capela de San Blas. Cortegada
Casa de Medelo. Manduas
Casa de Sestelo. Siador
Fortaleza de Chapa. Chapa

PAZOS:
Pazo de Cascaxide. Escuadro
Pazo de Fares. Breixa
Pazo de Sánchez Cantón. Oleiros
Pazo dos Transfontao. Silleda
Pazo da Viña. Manduas

PONTES:
Ponte de Carboeiro
Ponte de Taboada

INVENTARIO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO CONCELLO DE VILA DE CRUCES

IGREXAS:
Capela das Angustias. Piloño
Capela de Asorei
Capela do Carme. Gres
Capela da Cruz. Salgueiros

Capela dos Dolores de Borvisión. Insua
Capela de San Miguel. Grandariz
Capela de San Miguel. Sabrexo
Capela de San Roque. Insua
Capela de Santa Cruz. Piloño
Capela do Santo ou de San Ramón. Portedemouros
Igrexa parroquial de Añobre
Igrexa parroquial de Arnego
Igrexa parroquial de Bascuas
Igrexa parroquial de Bodaño
Igrexa parroquial de Carbia
Igrexa parroquial de Cumeiro
Igrexa parroquial de Ferreiros
Igrexa parroquial de Fontao
Igrexa parroquial de Gres
Igrexa parroquial de Insua
Igrexa parroquial de Larazo
Igrexa parroquial de Loño
Igrexa parroquial de Losón
Igrexa parroquial de Obra
Igrexa parroquial de Oiros
Igrexa parroquial de Ollares
Igrexa parroquial de Ouxame
Igrexa parroquial de Piloño
Igrexa parroquial de Sabrexo
Igrexa parroquial de Sallueiros
Igrexa parroquial de Vila de Cruces

CASAS:
Casa dos Bermúdez de Ulloa. Loño
Casa da Campá. Fontao
Casa da Fervenza. Besexos
Casa de Moura. Ollares
Casa de Otero. Duxame
Casa de Raimo ou dos Condes de Turnes
Casa de rectoral de Camanzo
Casa rectoral de Oiros
Casa de Santaló ou Torre de Merza
Casa de Somoza e Vilar. Merza

PAZOS:
Pazo de Altamira. Cumeiro
Pazo de Calderón ou de Algara. Gres
Pazo de Fonte Arcada ou de Mella

PONTES:
Ponte sobre o río Ulla. Gres

5.4.- *SERVICIOS EDUCATIVOS, SANITARIOS E SOCIAIS.*

O número e nivel destes equipamentos constitúen outro dos indicadores imprescindibles para avalia-la calidade de vida dos habitantes dun territorio determinado.

5.4.1.- SERVICIOS EDUCATIVOS

No que concerne ó nivel de Educación Preescolar, o número de unidades existentes na Comarca é de 41. Deste total, 11 pertencen a outros tantos centros de educación preescolar de carácter exclusivo e que, polo tanto, constitúen 11 escolas unitarias deste nivel. O resto están situadas en centros de E.X.B., nos que se imparten ambos niveis educativos.

O conxunto de unidades de Preescolar é o 4,07% das provinciais e o 1,47% das rexionais. Tendo en conta que esta Comarca ten o 5,7% da poboación provincial e o 1,8% da rexional, vemos que hai un lixeiro déficit neste nivel educativo. A taxa de escolarización en Educación Preescolar é do 88,29%, o que se pode considerar coma unha taxa plenamente satisfactoria para un nivel non obrigatorio.

No que respecta ó nivel de EXB, o número de unidades é de 218, repartidas en 17 centros públicos -que tamén imparten educación preescolar- e 3 colexios privados. Destes tres últimos, o de Silleda imparte tamén o nivel de

BUP. As 218 unidades significan o 4,52% da provincia e o 1,64% de Galicia. Tamén hai un lixeiro déficit no número de instalacións, aínda que a taxa de escolarización é do 100%.

En Lalín funciona un Centro de Recursos cun profesor que actúa, ó mesmo tempo, como depositario de material reprográfico e audiovisual, que confecciona material desa natureza e procede á distribución do mesmo entre os centros docentes.

Por outra banda, existe un Equipo Psicopedagóxico e de Orientación Educativa composto por tres especialistas: un psicólogo, un pedagogo e un logopeda. Tamén hai dous centros privados de Educación Especial, de moi reducidas dimensións, xa que se trata de escolas unitarias.

En canto ó nivel de ensinanza media, en Lalín hai un centro de BUP, con 760 postos escolares. En Silleda hai un centro privado de Bacharelato, con 320 prazas. O total de postos escolares de BUP supón o 2,92% dos provinciais e o 0,93% dos de Galicia. O Instituto de Lalín dispón de posibilidade de ampliación, se fose necesario.

Entre 1968 e 1973 funcionou un CIA -centro similar ós actuais colexios homologados municipais-. Posteriormente cerrouse e o seu alumnado distribúese entre os Institutos da Estrada -do que dependía este centro- e Lalín.

En Formación Profesional, hai un centro en Lalín, con capacidade para 720 postos escolares, aínda que non hai unha ocupación total. No Primeiro Grao de FP impártense as ramas de Electricidade, Administrativo e Automoción. No Segundo Grao, as de Instalacións e Liñas Eléctricas e Mecánica e Electricidade do automóbil. Máis en relación coas actividades económicas do Deza, no curso 1989-90 deseñouse un Módulo 2 de FP para Operadores de Confección Industrial (non se puido implantar por non contar aínda coa autorización do MEC). Os postos escolares de FP son o 3,94% dos de Pontevedra e o 1,28% dos de Galicia.

En conxunto, a taxa de escolarización de Ensinanzas Medias é algo máis do 32% (21,3% para BUP e 10,8% para FP), o que se considera unha taxa baixa. Esta situación está en fase de cambio debido á implantación da LOGSE, que

CADRO 58. ENSINO BÁSICO E ENSINO POST-OBRIGATORIO

	Preescolar+EXB				BUP+F.P.				Unidades totais por 1.000 hab.		Poboación Total
	E. Pública		E. Privada		E. Pública		E. Privada				
	Unidades	Centros	Unidades	Centros	Unidades	Centros	Unidades	Centros	Pre. + EXB	BUP+FP	
MUNICIPIOS											
LALÍN	89	11	20	2	38	2	-	-	5,71	1,99	19.060
AGOLADA	19	4	-	-	-	-	-	-	4,18	-	4.542
DOZÓN	9	1	-	-	-	-	-	-	3,57	-	2.516
RODEIRO	20	1	-	-	-	-	-	-	4,19	-	4,771
SILLEDA	46	5	9	1	-	-	8	1	5,53	0,80	9.937
VILA DE CRUCES	43	6	-	-	-	-	-	-	5,38	-	7.985
DEZA	226	28	29	3	38	2	8	1	5,22	0,94	48.811
PONTEVEDRA	4.469	535	1.352	144	1.050	78	354	47	6,58	1,58	884.408
GALICIA	12.373	1.709	3.652	425	3.201	253	1.116	149	5,75	1,54	2.785.394

CADRO 59. UNIDADES ESCOLARES (E. PUBLICA + E. PRIVADA)

	Nº UNIDADES GALICIA	Nº UNIDADES PONTEVEDRA	Nº UNIDADES COMARCA	% DEZA Respecto a PONTEVEDRA	% DEZA Respecto a GALICIA
Preescolar	2.773	1.006	41	4,07%	1,47%
EXB	13.252	4.815	218	4,52%	1,64%
BUP	2.888	922	27	2,92%	0,93%
FP	1.473	482	19	3,94%	1,28%
EDUC. ESPECIAL (en centros de E.X.B)	1.176	460	13	2,82%	1,11%

TAXAS DE ESCOLARIZACIÓN

Preescolar	E.X.B.	BUP-COU	F.P.
88,29%	100%	21,31%	10,89%

conleva á obrigatoriedade da ensinanza ata os 16 anos.

Así mesmo creouse o Conservatorio Oficial non estatal de Lalín, posto en funcionamento por Orde 29 de xuño de 1990.

Como conclusión final, cabe engadir que esta Comarca está algo por debaixo dos niveis de dotación propios da provincia e da rexión, pero sen mostrar grandes diferencias. A maior dotación está en Lalín e Silleda. A insuficiente demanda, acentuada de cara ó futuro pola escasez de natalidade, non fai aconsellable un aumento no número de dotacións doutros municipios.

5.4.2.- *SERVICIOS SANITARIOS*

No que se refire ós servicios sanitarios o Deza, conta con centros básicos de carácter municipal e con outro de maior rango (Ambulatorio) en Lalín. Esta distribución dos centros de saúde sinálanos a organización interna do Deza: un centro principal (Lalín), organizador do resto da Comarca.

Son varias as actuacións previstas neste campo sanitario, (en proxecto ou en vías de execución): Centro de Saúde en Lalín, Silleda (Bandeira) e Rodeiro (ampliación do actual).

E sentir xeral o déficit de médicos especialistas e a petición específica sobre a creación de Centro Sanitario Extrahospitalario, de ámbito comarcal. En función do umbral de poboación e da situación da Comarca, a localización dun centro desas características sería moi positiva.

CADRO 60. CENTROS DE SAÚDE, 1993

MUNICIPIO	CENTROS CONSTRUIDOS	CENTROS EN PROXECTO
AGOLADA	1	1
DOZÓN	1	0
LALÍN	1	1
RODEIRO	1	0
SILLEDA	1	1
VILA DE CRUCES	1	0
TOTAL COMARCAL	6	3

5.4.3.- SERVICIOS SOCIAIS

Neste aspecto, aínda que polo momento hai moitas carencias, dáse por cuberta a dotación en servicios sociais de base (asistente social). De tódolos modos, só Lalín conta cun centro de servicios sociais e existen outros dous concertados de menores nesta localidade e Silleda.

Sobre todo bótase en falta a carencia de equipamentos destinados ás persoas de idade avanzada, tendo en conta o envellecemento da Comarca e a súa tendencia a acentuarse. De feito, hai unha petición xeneralizada demandando centros para a terceira idade. Actualmente hai un centro concertado con 45 prazas en Lalín e está prevista a construcción dun centro social con algunhas prazas de residentes en Silleda.

CADRO 61. DOTACIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS

MUNICIPIOS	Serv. soc. de base	Outros Equ. p. concertado	Centros serv. soc.	Centros 1ª Infancia	Centros Menores	Centros Minusválidos	Fogar 3ª Idade	Residencias 3ª Idade	Total Serv. Soc.	Poboación 1991
AGOLADA	1	0	0	0	0	0	0	0	1	4.731
DOZÓN	1	0	0	0	0	0	0	0	1	2.565
LALÍN	1	0	1	0	0	0	0	0	2	19.777
RODEIRO	1	0	0	0	0	0	0	0	1	4.859
SILLEDA	1	0	0	0	0	0	0	0	1	9.619
VILA DE CRUCES	1	0	0	0	0	0	0	0	1	7.192
COMARCA	6	0	1	0	0	0	0	0	7	48.743
GALICIA	173	7	36	22	11	(1) 8	10	18	285	2.720.445
PROVINCIA	49	1	10	7	3	(2) 3	2	6	81	886.949

(1) Están incluido-los 6 Centros Base para minusválidos
(2) Están encluido-los 2 Centros Base para minusválidos

CADRO 62. CENTROS CONCERTADOS

MUNICIPIOS	1 ª Infancia	Menores	Minusválidos	Dogrop. (1)	Resisdencias 3 Idade	Total Serv. Soc.	Poboación 1991
AGOLADA		0	0			0	4.731
DOZÓN		0	0			0	2.565
LALÍN		0	0			0	19.777
RODEIRO		0	0			0	4.859
SILLEDA		1	0			1	9.619
VILA DE CRUCES		0	0			0	7.192
DEZA		1	0			1	48.743
PONTEVEDRA		53	3			56	2.720.445
GALICIA		17	2			19	886.949

(1) Pertencen a Sanidade (Plan autonómico de drogodependencia)

5.5.- SERVICIOS DE OCIO E ESPAREXEMENTO

Cada vez con maior demanda nunha sociedade moderna, son un claro expoñente da calidade e nivel de vida dos cidadáns. Estes servicios de ocio e esparexemento concrétanse, sobre todo, en dotacións de tipo deportivo e cultural. Estas dotacións son públicas e soen ser piscinas, campos de fútbol e polideportivos, pero tamén hai outras máis minoritarias (ala delta, tiro ó prato, etc.). Nos núcleos de máis poboación hai unha maior dotación destes servicios. De todos modos, existe unha demanda, por parte da poboación, para amplia-lo número de instalacións deportivas.

Do mesmo modo, poderíanse converter nunha importante oferta de ocio de calidade - tanto para satisface-la demanda urbana próxima coma a comarcal-, a realización do proxecto de adecuación do encoro de Portodemouros para a práctica do piragüismo, ó que se podería sumar unha área de acampada e deportiva arredor do lugar da Toxa.

No que a bibliotecas se refire, a Comarca conta con cinco, situadas en: Silleda, Bandeira, Lalín, Agolada e Vila de Cruces, cumprindo sobradamente a esixencia de que todo municipio con máis de 5.000 habitantes debe ter polo menos unha

En canto a centros culturais, é presupostariamente imposible satisfacer a tódalas parroquias, aínda que existe o proxecto -a nivel galego- de que tódolos municipios conten, polo menos, cun centro polivalente. No Deza, teñen nestes momentos casa de cultura: Silleda, Bandeira, Lalín, Vila de Cruces e Rodeiro (en construcción), polo que é bastante aceptable o nivel de equipamentos, tanto neste tipo de centros coma en bibliotecas.

5.6.- OUTROS SERVICIOS DIVERSOS

Neste apartado englobamos unha serie de servicios públicos, de competencia esencialmente municipal, cos que debe contar toda Comarca.

En canto a parques públicos, a Comarca cumpre as normas porque tódolos municipios con máis de 5.000 habitantes teñen, polo menos, un parque público. Dozón, Agolada e Rodeiro non contan con este servicio, feito lóxico polo seu carácter rural, onde un parque tería menos sentido.

Hai outro tipo de servicios que precisan un maior número de poboación. Entre eles, servicio de bombeiros para a extinción de incendios forestais e matadoiro municipal. O umbral é o

CADRO 63. BIBLIOTECAS

MUNICIPIO	Poboación total 86	Número de bibliotecas	Biobliotecas * 1000 hab.
AGOLADA	4.542	1	0,22
DOZÓN	2.516	0	0,00
LALÍN	19.060	1	0,05
RODEIRO	4.771	0	0,00
SILLEDA	9.937	2	0,20
VILA DE CRUCES	7.985	1	0,13
TOTAL	48.811	5	0,10

CADRO 64. INSTALACIÓNS PÚBLICAS CULTURAIS E DE ESPAREXEMENTO

MUNICIPIO	Poboación total 86	Número de Parques	Número de Centr. Cult.	Parque * 100 Hab.	Centr. Cul. *1000 Hab.
AGOLADA	4.542	0	0	0,00	0,00
DOZÓN	2.516	0	0	0,00	0,00
LALÍN	19.060	5	1	0,26	0,05
RODEIRO	4.771	0	1	0,00	0,21
SILLEDA	9.937	1	2	0,10	0,20
VILA DE CRUCES	7.985	2	1	0,25	0,13
TOTAL	48.811	8	5	0,16	0,10

CADRO 65. SERVICIOS DE BOMBEIROS

MUNICIPIO	PARQUE (SI/NON)	CADRO DE PERSOAL
DOZÓN	NON	0
AGOLADA	SI	0
LALÍN	SI	4
RODEIRO	NON	0
SILLEDA	SI	0
VILA DE CRUCES	NON	0
TOTAL		4
SI	50,00%	
NON	50,00%	

CADRO 66. SERVICIO DE MATADOIROS

MUNICIPIO	NÚMERO DE MATADOIROS	ESTADO MATADOIROS	CUMPRE NORMAS
DOZÓN	0		
AGOLADA	1	MAL	NON
LALÍN	1	BEN	SI
RODEIRO	1	BEN	SI
SILLEDA	1	BEN	SI
VILA DE CRUCES	1	BEN	SI
TOTAL	6		
BEN		80,00%	
MAL		20,00%	
REGULAR		0,00%	
SI			80,00%
NON			20,00%

de 20.000 hab. En ambos casos, a Comarca conta con estes servicios en Lalín (único municipio que se aproxima ó umbral), ademais de telos tamén noutros núcleos (para o caso de matadoiros, xa que aínda que tamén haxa servicio de bombeiros non contan cun plantel fixo).

5.7.- NIVEL DE RENDA

Este indicador pódese considerar de carácter sintético, porque cuantifica, en último termo, o nivel de vida da poboación. De tódolos modos, convén facer unhas certas matizacións. Nunha economía como é a galega, de carácter rural, con importancia do autoconsumo, unha parte importante das rendas que chegan á unidade familiar sono en especie. Por ese motivo, hai unha diferencia entre a renda real e a teórica, máis baixa esta última. De aí que a percepción da situación económica da poboación non responda, estrictamente, a eses valores estadísticos.

De todos modos, esta Comarca non ten unha situación favorable en canto ó nivel de renda. En 1986 co 5,5% da poboación provincial contaba co 4,0% da renda; e co 1,7% da poboación rexional, englobaba o 1,3% da renda galega.

Sen embargo, a situación nos últimos anos é algo máis positiva, considerado no contexto galego e incluso no provincial. Entre 1984 e 1986 a renda comarcal ten un crecemento dun 7,1% fronte ó 2,2% da provincial e ó decrecemento (-1,0%) da galega.

Internamente, hai grandes diferencias. A situación máis favorable, e con clara distinción con respecto ó resto, téñena Lalín e Silleda. Co 39% e o 20% da poboación xeran o 42% e o 23% da renda, respectivamente. Así mesmo, son estes os dous municipios que teñen unha renda por habitante que supera a media comarcal. A situación máis desfavorable téñena Dozón e Rodeiro, co cal reafírmase novamente a diferenciación interna entre unha área central desenvolvida (municipios de Lalín é Silleda) e outra situada na periferia comarcal montañosa -sobre todo Dozón e Rodeiro-, a pesar de que a evolución recente da renda tende a acurtar distancias.

CADRO 67. EVOLUCIÓN DA RENDA

MUNICIPIO	Renda Hab. 1982	Renda Hab. 1984	Renda Hab. 1986	% Evol. Renda 1982-84	% Evol. Renda 1984-86
DOZÓN	571,09	435,11	510,13	-23,81	17,24
AGOLADA	1.122,24	962,79	1.096,92	-14,21	13,93
LALÍN	5.525,53	5.654,33	5.846,70	2,33	3,40
RODEIRO	1.091,99	904,32	1.013,18	-17,19	12,04
SILLEDA	3.101,44	3.052,38	3.252,93	-1,58	6,57
VILA DE CRUCES	1.859,19	1.930,19	2.138,40	3,82	10,79
TOTAL	13.271,48	12.939,12	13.858,26	-2,50	7,10
MEDIA COMARCAL				-2,50	7,10
MEDIA PROVINCIAL				2,27	2,27
MEDIA REXIONAL				0,87	2,85

CADRO 68. RENDA FAMILIAR DISPONIBLE MUNICIPAL

MUNICIPIO	Renda Hab. 1982	Renda Hab. 1984	Renda Hab. 1986	Renda 1982 /Habitante 81	Renda 1986 /Habitante 86
DOZÓN	571,09	435,11	510,13	229.169,34	202.754,37
AGOLADA	1.122,24	962,79	1.096,92	238.622,16	241.505,94
LALÍN	5.525,53	5.654,33	5.846,70	312.777,65	306.752,36
RODEIRO	1.091,99	904,32	1.013,18	232.338,30	212.362,19
SILLEDA	3.101,44	3.052,38	3.252,93	310.765,53	327.655,34
VILA DE CRUCES	1.859,19	1.930,19	2.138,40	220.309,28	267.802,13
TOTAL	13.271,48	12.939,12	13.858,26	276.604,42	283.916,74
MEDIA COMARCAL				276.604,42	283.916,74
MEDIA PROVINCIAL				380.144,35	386.612,90
MEDIA REXIONAL				360.443,68	360.011,70



MAPA 14

5.8.- SÍNTESE DA CALIDADE DE VIDA

A partir dos datos analizados e da información directa, chégase ás seguintes conclusións:

- Por parte dos habitantes da Comarca hai unha percepción de calidade de vida boa ou canto menos aceptable, agás os municipios de Dozón e Agolada.
- Os indicadores económicos sinalan unha situación inferior da Comarca, en relación a Galicia e, sobre todo, á provincia. A renda por habitante confirma este feito.
- As principais deficiencias detectadas son:

1.- A carencia de centros de tipo social, sobre todo, para anciáns.

2.- A falta de médicos especialistas.

3.- Os déficits de equipamentos como sumidoiros, recollida de lixo e pavimentación do solo urbano.

4.- A necesidade de supresión de vertedeiros incontrolados.

5.- A falta de protección efectiva dos espacios naturais de interese paisaxístico, acentuada polo furtivismo e as talas do bosque autóctono.

6.- O desequilibrio interno en canto ó desenvolvemento. Os extremos son Lalín e Silleda, no máximo, e Agolada, Rodeiro, e Dozón, no mínimo.

Non obstante, obsérvase unha mellora experimentada recentemente no nivel de equipamentos, particularmente en bibliotecas, casas de cultura e centros de saúde.

6.- SÍNTESE FUNCIONAL DA COMARCA

Trala análise pormenorizada da realidade comarcal, a situación de conxunto ven reflexada por medio da aplicación dunha serie de variables absolutas, resultado da suma de catro índices que inclúen un elevado número de indicadores parciais.

Os catro índices mencionados son: o socioeconómico, o de renda, os ingresos por habitante e o de infraestructuras e servicios. Da súa consideración global despréndese que: a Comarca, coma un conxunto, ten unha situación deficitaria con respecto a Galicia; moi deficitaria en canto ás variable socioeconómicas (o envellecemento, entre outras) e máis favorable en infraestructuras (sobre todo en estradas).

Internamente hai diferencias notorias entre os municipios; Lalín e Silleda son os que presentan unha situación máis favorable; Vila de Cruces sitúase nunha posición intermedia, e Dozón, Rodeiro e Agolada nos niveis máis baixos.

O índice socioeconómico inclúe as seguintes variables: taxa de xuventude, taxa de envellecemento, densidade de poboación, proporción de emprego non agrario e taxa de paro. Os valores negativos indican unha clara situación de subdesenvolvemento. Este caso dáse na Comarca, coma conxunto, e no municipio de Agolada. Vila de Cruces, Lalín e Silleda teñen a situación máis favorable. Silleda, Dozón e Rodeiro sen chegar a valores negativos, amosan unha deficiente situación. O despoboamento e a vellez da poboación son problemas importantes.

O índice de renda inclúe as seguintes variables: licencias comerciais (alimenticias e outras), número de camións, número de entidades bancarias e de aforro, número de teléfonos e facturación telefónica; todas elas postas en relación coa poboación municipal ou comarcal. A Comarca está por debaixo da media galega. A situación máis favorable téñena Lalín e Silleda, xa que son os núcleos que concentran a maior actividade. Dozón, Agolada, Rodeiro e Vila de Cruces están por debaixo da media comarcal ó centralizar menor cantidade de actividade económica.

O índice de renda municipal sinala que a Comarca está por debaixo da media galega. Por municipios, a incidencia é similar a outros indicadores, superan a media comarcal Lalín e Silleda seguidos -nesta orde-, por Vila de Cruces, Agolada, Rodeiro e Dozón.

Os índices de infraestructuras e servicios son o resultado da suma de tres compoñentes:

a) Equipamentos colectivos: inclúense os centros educativos de nivel básico (preescolar e EXB) e os sanitarios.

b) Índice de comunicacións: engloba un indicador que mide o estado e condicións da rede de estradas e a calidade de recepción das emisións da radio e da televisión.

c) Infraestructuras: indica o estado da rede de sumidoiros, o servicio de iluminación pública, as deficiencias de pavimentación no solo urbano, a limpeza e recollida de lixo, o acceso ós núcleos e distribución de auga potable. O cálculo faise sobre poboación ou sobre vivendas afectadas, segundo o caso.

A partir da integración destas variables obsérvase a situación de cada municipio:

- Silleda ocupa a situación de máis avantaxe, cun valor de 1,64 (media comarcal=1).
- Superando moi pouco á unidade están Rodeiro e Dozón; esta posición aparentemente vantaxosa convén analizala. O contar con pouca poboación, nestes municipios elévase anormalmente o índice de Servicios Educativos e Sanitarios. Así mesmo, o índice de comunicacións é moi alto porque as principais vías de tráfico atravesan estes municipios. En infraestructuras, estes municipios teñen valores moi baixos, acordes coa realidade.
- O caso de Lalín é o contrario. O ser un municipio de grande extensión superficial e maior cantidade de poboación, as dotacións hainas que distribuír entre un maior número de habitantes e, como consecuencia, os valores dos índices son moito menores.

CADRO 69. SÍNTESE FUNCIONAL POR MUNICIPIOS

Á vista do analizado, compréndese que os concellos ofrezan un distinto nivel de desenvolvemento. Podemos distinguir en cada un deles –a efectos analíticos– os factores positivos e as debilidades socio-económicas. Estas últimas deben subsanarse para un desenvolvemento equilibrado da Comarca. A situación é a seguinte:

MUNICIPIOS	FACTORES POSITIVOS	DEBILIDADES
CENTRO DE DESENVOLVEMENTO		
Lalín	O índice de renda e o índice socioeconómico	Índice de infraestructuras e servicios
Silleda	Os índices de renda e infraestructura e servicios	O índice socioeconómico
CENTROS DE EQUILIBRIO		
Vila de Cruces	Índice socioeconómico	Os índices de renda e infraestructura e servicios
MUNICIPIOS DE BASE		
Rodeiro	Índice de infraestructura e servicios	Os índices socioeconómico, de renda e a renda municipal
Dozón	Índice de infraestrucutra e servicios	O índice socioeconómico, renda municipal e sobre todo índice de renda
Agolada		Tódolos indicadores, pero sobre todo: Índice socioeconómico



SÍNTESE FUNCIONAL POR MUNICIPIOS

CENTROS DE DESENVOLVEMENTO

MUNICIPIOS INTERMEDIOS

MUNICIPIOS DEFICIENTES

MAPA 15

7.- RECOMENDACIÓNS E CUESTIÓNS RELATIVAS Ó MODELO DE DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Á vista do analizado, o futuro desenvolvemento da Comarca terase que canalizar a través dos seguintes factores.

-No sector primario, hai unha clara especialización gandeira que convirla fomentar e adaptar ás circunstancias actuais do mercado. Outro tanto pódese dicir da dedicación á horticultura e a floricultura, de cara ós mercados urbanos próximos. A repoboación forestal completaría este sector económico; pero para iso é necesario fomenta-la repoboación forestal.

Por outra parte a Semana Verde de Galicia, en Silleda, constitúe un motor de desenvolvemento tecnolóxico e profesional da Comarca, en canto que contribúe eficazmente a crear unha imaxe positiva para a atracción de inversións productivas de empresas agroalimentarias.

Finalmente, a Granxa Experimental de Mouriscade pode desempeñar un importante papel nos aspectos formativos e de investigación agropecuaria.

- No desenvolvemento do sector secundario hai un punto de arrinque positivo, debido á existencia de infraestructuras de importancia como son os parques empresariais en marcha. Ademais, hai unha certa estructura industrial, de carácter endóxeno, especializada en industria alimentaria, de transformación da madeira e de confección. A cercanía ó aeroporto internacional e a elevada nodalidade na rede principal de estradas son factores positivos para a creación dun medio favorable de acollida á industrialización.

- En canto ó sector terciario hai que sinalar un feito importante. Esta Comarca conta cun umbral de poboación suficiente para xustificar unha descentralización de servicios, tanto administrativos coma sanitarios ou sociais. O centro máis adecuado para a súa acollida sería Lalín pola súa situación e accesibilidade no ámbito comarcal e galego.

- Por último, non hai que esquece-la protección de espacios naturais e o acondicionamento de monumentos histórico-artísticos como apoiatura a rutas turísticas previamente determinadas. As áreas a fomentar serían: o Val do Ulla, o encoro de Portodemouros, a Ruta do Trasdeza, o Coto de Zobra e as serras orientais.

- Débese intenta-la fixación da poboación, sobre todo da máis xove, mediante a mellora infraestructural e o desenvolvemento das actividades económicas existentes e doutras novas complementarias.

Ademais destas recomendacións sectoriais, hai que facer unha Planificación Territorial da Comarca que descansará en dúas políticas. En primeiro lugar, o deseño dun Eixe de Desenvolvemento Lalín-Silleda que integre os grandes equipamentos comarcais e rexionais, existentes ou posibles, ó mesmo tempo que se consolida a estructura urbana de ambos núcleos. Para esto hai que facer un deseño territorial e funcional de dito Eixe. Todo iso nun esquema de respeto ós recursos e potencialidades do territorio e do medio ambiente.

En segundo lugar, débese facer un plan de inversións que complete os niveis dotacionais mínimos dos municipios menos desenvolvidos, para ofrecer unha mellor calidade de vida dos seus habitantes e constituír unha apoiatura eficaz ó eixe central.